



Debuxo de Leandro Lamas (setembro de 2022), mural de entrada ao centro educativo, cortesía da ANPA

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO ACADÉMICO 2022-2023

DESCRIPCIÓN BREVE

Centro Educativo de carácter público Santiago de Compostela (A Coruña)

CEIP Ramón Cabanillas

DATA DE APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 25 de outubro de 2022

DATA DE APROBACIÓN POLO CONSELLO: 25 de outubro de 2022

DATA DE REMISIÓN Á INSPECCIÓN: 28 de outubro de 2022

Táboa de contido

1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO.....	3
2. HORARIO XERAL DO CENTRO	10
3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	12
4. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.....	15
5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO	15
6. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	17
7. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA.....	18
8. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO	23
9. PROXECTO EDUCATIVO	25
10. CONCRECIÓN CURRICULAR	28
11. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.....	52
12. PLAN ANUAL DE LECTURA	54
13. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL.....	56
14. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE	59
15. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO	59
16. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL	62
17. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA.....	68
18. CONCRECIÓN PLAN DE IGUALDADE	71
19. PLURILINGÜISMO	72
20. PLAN PROXECTA+	73
21. CONTRATOS-PROGRAMA: CPInlúe, CPInova, Plan Recupera	74
22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO	74
23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO	75
24. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.....	76
25. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	79

1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

O plan xeral de actuación deste equipo directivo está apoiado no Proxecto de Dirección presentado para esta lexislatura (2021-2025).

Entre os obxectivos xerais que nos formulamos para os catro anos están:

1. Coñecer e comprender a situación das necesidades educativas que ten o centro educativo e traballar conxuntamente coa Administración na optimización dos recursos humanos e materiais necesarios:
 - O incremento de alumnado NEE e NEAE que asiste neste centro.
 - A creación dun Departamento de Orientación cun carácter definitivo.
 - Establecer espazos para poñer o traballo docente en común.
 - Facer coñecedora á Administración das necesidades do centro educativo.
2. Elaborar un calendario adecuado ás necesidades docentes co fin de mellorar a calidade educativa para o alumnado e as súas familias:
 - Establecer un calendario móbil que permita a adaptación a situacións cambiantes en función da diversidade escolar, académica e social.
3. Crear espazos democráticos e de ocio a través de dinamizacións e descentralizar as tarefas:
 - Actualización do espazo da biblioteca e do uso dos patios escolares.
 - Apertura do centro á comunidade educativa a través da ANPA co desenvolvemento colaborativo de actividades e uso compartido dos espazos do centro educativo.
 - Poñer en funcionamento novos espazos como "A Casa das Ciencias do Ramón Cabanillas" situada na recentemente arranxada casa da conserxe, unha vez que hai autorización para facer uso da mesma con fins educativos, a través do aprobado proxecto de Polos Creativos.
4. Concretar actuacións de mellora a través dos diferentes plans que posibiliten unha continuidade no tempo:
 - Implicación de diferentes axentes da comunidade educativa de xeito activo.
 - Participación activa en plans de interese para o alumnado do centro educativo: actividades relacionadas coa atención da diversidade, as tecnoloxías educativas, a natureza e os idiomas.
 - Desenvolver o Plan de Auto protección do Centro Educativo. Formación e Simulacro.

Obxectivo 1: Coñecer e comprender a situación das necesidades educativas que ten o alumnado do centro educativo e traballar conxuntamente coa Administración na optimización dos recursos humanos e materiais necesarios											
Actuación 1	O incremento de alumnado con NEE que asiste neste centro										
Indicador/es	O 100% das necesidades están debidamente documentadas. O 100% das necesidades que ten o alumnado do centro son xestionadas debidamente para o seu coñecemento pola Administración para obter os recursos materiais e humanos necesarios.										
Criterio de aceptación	Desenvolvemento das actividades por parte do 100% do profesorado										
Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input type="checkbox"/>	Dec <input type="checkbox"/>	Xan <input type="checkbox"/>	Feb <input type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input type="checkbox"/>	Xuño <input type="checkbox"/>	Xullo <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Xefatura do DO, Xefatura de Estudos, Dirección e Titorías implicadas.										
Recursos/materiais	Administración, titorías e familias. Equipo de Orientación Específica.										
Actuación 2	Creación dun Departamento de Orientación cun carácter máis definitivo.										
Indicador/es	Solicitar profesorado definitivo e de Atención Preferente.										
Criterio de aceptación	O 60% do profesorado ten carácter definitivo.										
Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input type="checkbox"/>	Dec <input type="checkbox"/>	Xan <input type="checkbox"/>	Feb <input type="checkbox"/>	Mar <input type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Departamento de Orientación, Xefatura de estudos e Dirección										
Recursos/materiais	Solicitude e presentación de necesidades a Inspección Educativa e ao EOE										
Actuación 3	Creación de espazos para poñer o traballo docente en común.										
Indicador/es	Formar equipos docentes segundo as necesidades de formación.										
Criterio de aceptación	O 40% do profesorado participa na posta en común de procesos de mellora.										
Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input type="checkbox"/>	Dec <input type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	Xefatura de estudos, Xefatura do Departamento de Orientación e dirección.										
Recursos/materiais	Material facilitado pola Inspección Educativa e o EOE										
Actuación 4	Amosar á Administración as necesidades do centro educativo.										
Indicador/es	Manter actualizada a listaxe de alumnado NEE e NEAE, informada IE										
Criterio de aceptación	Listaxe actualizada e anticipación para o curso seguinte do 100% do alumnado										
Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input type="checkbox"/>	Xan <input type="checkbox"/>	Feb <input type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Departamento de Orientación, Xefatura de estudos e Dirección										
Recursos/materiais	Petición de informes ao EOE e informes á Inspección Educativa.										

Obxectivo 1: Coñecer e comprender a situación das necesidades educativas que ten o alumnado do centro educativo e traballar conxuntamente coa Administración na optimización dos recursos humanos e materiais necesarios											
Actuación 5	Desenvolver un Plan de Atención á Diversidade realista.										
Indicador/es	Manter informadas ás familias do traballo docente a través das titorías e o DO.										
Criterio de aceptación	Elaboración do 100% das adaptacións curriculares, dos informes individualizados, dos plans de recuperación, repetición e informes de avaliación trimestral individualizados (alumnado NEAE e NEE).										
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Responsable	Titorías, Departamento de Orientación, Xefatura de Estudos e Dirección.										
Recursos/materiais	Informes do centro, informes do EOE e informes de Inspección Educativa.										

Obxectivo 2: Elaborar un calendario adecuado ás necesidades docentes co fin de mellorar a calidade educativa para o alumnado e as súas familias											
Actuación 1	Calendario flexible (CCP-Ciclos-Dinamizacións-DO)										
Indicador/es	Identificar as necesidades do alumnado e do profesorado e procurar solucións áxiles										
Criterio de aceptación	O 75% do profesorado desenvolve as tarefas de xeito autónomo.										
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Responsable	Dirección, Xefatura de Estudos e Xefatura de Departamento de Orientación.										
Recursos/materiais	Correo electrónico, cortiza da sala de reunións, outros espazos.										
Actuación 2	Calendario trimestral de avaliacións.										
Indicador/es	Realización de avaliacións iniciais e individualizadas										
Criterio de aceptación	Realización por parte do 100% do profesorado.										
Temporalización	Set	Out	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Maio	Xuño	Xullo
	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
Responsable	Xefatura de estudos e Xefatura do Departamento de Orientación										
Recursos/materiais	Material facilitado pola Inspección Educativa e o EOE										

Obxectivo 3: Crear espazos democráticos e de ocio a través de dinamizacións e descentralizar as tarefas.											
Actuación 1	Formación en prevención do Bullying e Acoso escolar (colaboración ANPA)										
Indicador/es	Realización de charlas específicas ao alumnado e familias										
Criterio de aceptación	Charlas impartidas no 100% dos grupos de 5º e 6º curso de EP.										
Temporalización	Set <input type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input type="checkbox"/>	Xan <input type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input type="checkbox"/>	Xuño <input type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	ANPA, Dirección e titores dos cursos de 5º e 6º EP.										
Recursos/materiais	Contido das charlas, espazos, poñentes convidados/as.										
Actuación 2	Formación de monitores entre o alumnado de 6º EP.										
Indicador/es	Realización de charlas específicas ao alumnado										
Criterio de aceptación	O 100% do alumnado de 6º curso de EP participa na celebración do Magosto, Letras Galegas e/ou Biblioteca.										
Temporalización	Set <input type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input type="checkbox"/>	Xan <input type="checkbox"/>	Feb <input type="checkbox"/>	Mar <input type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	Dirección, Coordinadora da Dinamización da Biblioteca, profesorado de EF e titorías.										
Recursos/materiais	Materiais de xogos populares, recursos da biblioteca, outros.										
Actuación 3	Participación do alumnado de 5º e 6º EP como mediadores/as na resolución de conflitos (colaboración ANPA).										
Indicador/es	Participación do alumnado e do profesorado.										
Criterio de aceptación	O 100% do alumnado de 5º e 6º curso de EP pode participar nas dinámicas desenvolvidas. O 100% do profesorado implicado colabora para que as actividades se desenvolvan adecuadamente.										
Temporalización	Set <input type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input type="checkbox"/>	Xan <input type="checkbox"/>	Feb <input type="checkbox"/>	Mar <input type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	ANPA, Dirección, Xefatura de estudos e titorías implicadas.										
Recursos/materiais	Materiais relacionados coas temáticas, poñencia, outros.										
Actuación 4	Formación en Primeiros Auxilios (colaboración ANPA)										
Indicador/es	Realización de actividades específicas para o alumnado de 6º EP.										
Criterio de aceptación	Charlas impartidas no 100% dos grupos de 5º e 6º curso de EP.										
Temporalización	Set <input type="checkbox"/>	Out <input type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input type="checkbox"/>	Xan <input type="checkbox"/>	Feb <input type="checkbox"/>	Mar <input type="checkbox"/>	Abr <input type="checkbox"/>	Maio <input type="checkbox"/>	Xuño <input type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	ANPA, Dirección e titorías implicadas.										
Recursos/materiais	Materiais relacionados coas temáticas, poñencia, outros recursos.										

Obxectivo 3: Crear espazos democráticos e de ocio a través de dinamizacións e descentralizar as tarefas.											
Actuación 5	Formación en coñecemento da diversidade humana. Asociación de persoas xordas (colaboración ANPA).										
Indicador/es	Realización de charlas específicas ao alumnado (colaboración ANPA)										
Criterio de aceptación	Charlas impartidas no 100% dos grupos participantes.										
Temporalización	Set <input type="checkbox"/>	Out <input type="checkbox"/>	Nov <input type="checkbox"/>	Dec <input type="checkbox"/>	Xan <input type="checkbox"/>	Feb <input type="checkbox"/>	Mar <input type="checkbox"/>	Abr <input type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	ANPA, Dirección e titorías dos cursos participantes.										
Recursos/materiais	Materiais relacionados coas temáticas, poñencia, outros recursos.										
Actuación 6	Desenvolvemento do Plan de igualdade										
Indicador/es	Realización de charlas específicas ao alumnado de 5º de EP										
Criterio de aceptación	Charlas impartidas no 100% dos grupos participantes.										
Temporalización	Set <input type="checkbox"/>	Out <input type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input type="checkbox"/>	Xan <input type="checkbox"/>	Feb <input type="checkbox"/>	Mar <input type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	Dirección e titorías dos cursos participantes.										
Recursos/materiais	Materiais relacionados coas temáticas.										
Actuación 7	Utilización de espazos comúns										
Indicador/es	Coidar a “ Horta C²RC ” ¹ ao longo de todo o ano.										
Criterio de aceptación	Aproveitamento 75% das posibilidades que ofrece o cultivo dunha horta ao longo de todo o ano. O 60% dos grupos-clase desenvolven algunha actividade na horta ao longo do ano.										
Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo-Agosto <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Dirección, Dinamizadora de Voz natura e titorías dos cursos participantes. Colaboración externa de Hortalíza-T e participación no programa Voz Natura.										
Recursos/materiais	Materiais para a horta, mantemento. Contido de CCNN e CCSS e actividade práctica na horta.										

¹ Horta da Casa das Ciencias do Ramón Cabanillas.

Obxectivo 3: Crear espazos democráticos e de ocio a través de dinamizacións e descentralizar as tarefas.											
Actuación 8	Creación e utilización de espazos novos.										
Indicador/es	Máis hortas no Ramón Cabanillas: proposta para Infantil e para 1º ciclo de EP.										
Criterio de aceptación	Creación de hortas escolares en espazos verdes definidos para o desenvolvemento de actividades didácticas na horta por parte do 50% dos grupos-clase implicados.										
Temporalización	Set <input type="checkbox"/>	Out <input type="checkbox"/>	Nov <input type="checkbox"/>	Dec <input type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input checked="" type="checkbox"/>
Responsable	Dirección, Dinamizadora de Voz natura e titorías dos cursos participantes. Colaboración externa de Hortaliza-T e participación no programa Voz Natura.										
Recursos/materiais	Materiais para a creación do espazo de horta: plantas, fertilizantes naturais, utensilios de labranza e luvas. Contido de ciencias e actividade práctica na horta.										
Actuación 9	Cofres de patio.										
Indicador	Utilización dos libros de lectura e contos contidos nos cofres no tempo de lecer.										
Criterio de aceptación	O 50% do alumnado que goza do tempo de lecer utiliza este recurso nalgún momento do mesmo.										
Temporalización	Anual.										
Responsable	Equipo de Biblioteca e profesorado de garda.										
Recursos/materiais	Fondos da biblioteca de diferente tipoloxía.										

Obxectivo 4: Concretar actuacións de mellora a través dos diferentes plans que posibiliten unha continuidade no tempo											
Actuación 1	Plan Dixital										
Indicador/es	Realización das actividades propostas en dito plan.										
Criterio de aceptación	Participación do 100% do profesorado que se implica.										
Temporalización	Set <input type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	Dirección, coordinadora, equipo TIC e profesorado interesado.										
Recursos/materiais	Actualización da páxina Web e Utilización das Aulas Virtuais (E-Dixgal)										
Actuación 2	Polos Creativos										
Indicador/es	Coordinación do plan e realización das actividades propostas en dito plan										
Criterio de aceptación	Participación do 100% do profesorado que se implica.										
Temporalización	Xan <input type="checkbox"/>	Out <input type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	Dirección, coordinadora e equipo Polos Creativos.										
Recursos/materiais	Sala Radio Furelo (SRF), Sala Audiovisual (SA), Aula de Experimentación e Tecnoloxía (AET). "Aulas da C ² RC" ² .										

² Aulas da Casa das Ciencias do Ramón Cabanillas.

Obxectivo 4: Concretar actuacións de mellora a través dos diferentes plans que posibiliten unha continuidade no tempo											
Actuación 3	E-Dixgal										
Indicador/es	Realización de actividades co alumnado na plataforma.										
Criterio de aceptación	Emprego do recurso por parte do 100% do alumnado e do profesorado de 5º e 6º curso de EP.										
Temporalización	Set <input checked="" type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	Dirección, coordinadora E-Dixgal e profesorado de 5º e 6º EP.										
Recursos/materiais	Aulas dixitais EVA.										
Actuación 4	Plan Biblioteca Furelo										
Indicador/es	Realización de actividades específicas para o alumnado: Samain, Nadal, Lectura de Libros, colaboración coas aulas, apertura no recreo, etc.										
Criterio de aceptación	Colaboración do 50% alumnado de 5º e 6º curso de EP na organización da biblioteca. Colaboración das familias que o desexen (tardes). Utilización da biblioteca e dos seus recursos por parte do 100% do alumnado a través das actividades propias dunha biblioteca e da dinamización da lectura.										
Temporalización	Set <input type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input checked="" type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	Coordinadora de Biblioteca e equipo Biblioteca, Xefatura de Estudos										
Recursos/materiais	Bibliografía e material de biblioteca. Programa Meiga.										
Actuación 5	Calendario-Proxecto. Plan Dinamización da Lingua Galega										
Indicador/es	Realización de actividades específicas para o alumnado.										
Criterio de aceptación	Colaboración das titorías para o desenvolvemento do Proxecto Anual Común de Centro: Música.										
Temporalización	Set <input type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input type="checkbox"/>	Feb <input type="checkbox"/>	Mar <input type="checkbox"/>	Abr <input type="checkbox"/>	Maio <input type="checkbox"/>	Xuño <input type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	Coordinador de dinamización de lingua galega e equipo, Xefatura de Estudos										
Recursos/materiais	Bibliografía e material. Edición, maquetación e impresión do calendario.										
Actuación 6	Actividades anuais. Plan Dinamización da Lingua Galega										
Indicador/es	Realización de actividades específicas para o alumnado.										
Criterio de aceptación	Colaboración das titorías para o desenvolvemento de diferentes actividades: Samaín, Magosto, Estatuto de Autonomía, Entroido, día de Rosalía, Letras Galegas,...										
Temporalización	Set <input type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input checked="" type="checkbox"/>	Xan <input checked="" type="checkbox"/>	Feb <input checked="" type="checkbox"/>	Mar <input checked="" type="checkbox"/>	Abr <input checked="" type="checkbox"/>	Maio <input checked="" type="checkbox"/>	Xuño <input type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	Coordinador de dinamización de lingua galega e equipo, Xefatura de Estudos										
Recursos/materiais	Bibliografía e material.										

Obxectivo 4: Concretar actuacións de mellora a través dos diferentes plans que posibiliten unha continuidade no tempo											
Actuación 7	Plan de Autoprotección										
Indicador/es	Realización de charlas e simulacro.										
Criterio de aceptación	Formación do 75% dos colectivos da Comunidade Educativa (profesorado, coidadores, administración, servizo externo de comedor, actividades extraescolares xestionadas pola ANPA). Participación do 100% do profesorado, persoal non docente, comedor, actividades extraescolares. Participación do 100% do alumnado.										
Temporalización	Set <input type="checkbox"/>	Out <input checked="" type="checkbox"/>	Nov <input checked="" type="checkbox"/>	Dec <input type="checkbox"/>	Xan <input type="checkbox"/>	Feb <input type="checkbox"/>	Mar <input type="checkbox"/>	Abr <input type="checkbox"/>	Maio <input type="checkbox"/>	Xuño <input type="checkbox"/>	Xullo <input type="checkbox"/>
Responsable	Dirección.										
Recursos/materiais	Material facilitado pola empresa encargada do Plan de Autoprotección.										

2. HORARIO XERAL DO CENTRO

O centro permanece aberto dende as 7:30 ás 18:30 h de luns a venres. Os martes está aberto ata as 19:00 h., establecéndose, con carácter xeral esta tarde da semana para reunións, coordinacións e dinamizacións do profesorado.

O centro educativo conta con servizo de Madrugadores, que ten un horario de 7:30 a 9:00 h. de luns a venres. Este servizo é xestionado polo Concello de Santiago de Compostela na modalidade de concesión a unha empresa de restauración.

O centro educativo conta con servizo de Xantar de 14:00 a 16:30 h. de luns a venres, distribuído en tempo de xantar e tempo de lecer. Este servizo é xestionado polo Concello de Santiago de Compostela na modalidade de concesión a unha empresa de restauración.

O centro conta con Actividades extraescolares e servizo de Ludoteca, desenvolvidas de 16:30 a 18:30 h. de luns a venres. Este servizo é xestionado pola ANPA As Brañas do CEIP Ramón Cabanillas.

O servizo de madrugadores, xantar e actividades extraescolares empregan a planta baixa do edificio (ximnasio, espazo específico de comedor, aula de música e biblioteca, os espazos verdes e patios semicubertos do centro educativo da planta baixa. O acceso a estes servizos realízase polo portalón do patio de columnas (onde está o mural conmemorativo á figura de D. Ramón Cabanillas realizado polo pintor Leandro Lamas).

A ANPA realiza algunhas actividades extraescolares en pavillóns da zona autorizados pola Concellería de deportes e benestar animal do Concello: O Restollal e Pontepedriña.

2.1. Horario lectivo

A xornada escolar ou lectiva é de 9:00 a 14:00 h. de luns a venres.

O profesorado inicia a súa actividade ás 8.45 ou 8:55 h segundo as casuísticas do seu horario.

2.2. Horario de atención ao público

O horario de atención ás familias en administración establécese entre as 9:00 a 14:00 h. A atención por parte do equipo directivo e a xefatura do departamento de orientación establécese previa citación, segundo o seguinte cadro:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Administración	9 a 14 h				
Dirección	9.10 a 11.40	9.55 a 10.50	9.10 a 9.55		9.10 a 10.50
Xefatura de estudos	13.05 a 13.50			12.15 a 13.05	
Xefatura do Departamento de Orientación	13.05 a 14				
Secretaría	10.50 a 11.40		9.55-10.50		10.50 a 11.40
Titorías e profesorado especialista		17.30 a 18.30			

O horario de atención a familias por parte do profesorado do centro establécese, con carácter xeral, nas titorías: os martes de 17.30 ás 18.30 h. Con carácter excepcional e debidamente xustificado, poderase establecer outro horario de atención, previa autorización da dirección do centro (e comunicado á Xefatura de Estudos) sempre que non interfira no normal desenvolvemento das actividades lectivas e/ou reunións establecidas polo claustro docente.

2.3. Horario de verán

O mes de xullo o centro permanece aberto de 10 a 13 h. en servizo de administración.

O mes de agosto o centro permanece pechado.

Durante estes meses poden establecerse quendas voluntarias entre o profesorado e as familias (co apoio da ANPA) para o coidado e obtención de froitos, hortalizas e verduras na horta escolar da C²RC.

3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

3.1. Alumnado que vén camiñando e servizo ColeCamiños

O 66% do alumnado do CEIP Ramón Cabanillas que asiste ao centro educativo vén camiñando desde o seu fogar acompañado dun membro da súa familia ou persoa na que delegue, só, ou ben, utilizando o servizo de ColeCamiños xestionado polo Concello.

O alumnado do servizo ColeCamiños accede polo portalón ao patio do Mural conmemorativo de D. Ramón Cabanillas (patio de Columnas).

O alumnado que vén acompañado por algún familiar ou persoa na que delegue accede ao recinto pola entrada asignada ao seu grupo-clase cando o chame a/o docente que lle dá clase na primeira sesión:

- Educación infantil (en orde: 6º, 5º e 4º EI) e 1º ciclo de EP (segundo chegada) unha vez toca o timbre, acceden ao recinto polas portas asignadas na entrada de administración do edificio.

- 2º ciclo de EP accede polo portalón ao patio do Mural conmemorativo de D. Ramón Cabanillas (patio de columnas) por orde de curso: 4º e 3º EP consecutivamente, e por grupos: B e A.

- 3º ciclo de EP accede polo portal situado máis abaixo de acceso ao patio do Mural conmemorativo de D. Ramón Cabanillas, acceso por chanzos (a excepción de persoas con mobilidade reducida) por orde de curso: 6 e 5º EP consecutivamente, e por grupos: C, B e A.

As saídas realízanse polas mesmas portas asignadas para a entrada, en orde inverso, e dita entrega sempre se realiza aos titores/as legais ou persoas nas que deleguen de forma expresa e por escrito, salvo autorización expresa e por escrito de que vai só/soa (5º e 6º EP) ou con autorización expresa e por escrito de que fai uso do servizo ColeCamiños (recomendado a partir de 3º EP).

Debido á limitación de espazos no acceso ao recinto, tanto por administración como polo patio, exprésase a necesidade de ser o máis áxil posible e situarse en orde de entrada e saída para evitar aglomeracións, así como retirarse o antes posible das zonas de paso. En caso de choiva, o profesorado de garda poderá indicar entrada sen orde prefixada. Na recollida, prérgase axilidade e extremar ao organización antes indicada. Nos accesos polo patio, as familias poderán agardar preto da columna sinalada para a saída do grupo-clase do seu fillo/a ou pupilo/a ou detrás dos monitores/as do autobús.

3.2. Transporte escolar

O 34% do alumnado conta con servizo de transporte, que cubre a totalidade da zona de influencia deste centro educativo. Este servizo é realizado pola compañía Autocares Rías Baixas - Cuiña Mosquera. A entrada ao recinto escolar está previsto entre as 8.50 e 8.55 h da mañá.

Ás 8.50 h e ata que todo o alumnado entre no recinto hai profesorado asignado para a súa supervisión no interior do recinto escolar (zona columnas). Do mesmo xeito, ás 13.50 h e ata que o servizo de autobús quede realizado hai profesorado asignado para esta vixilancia.

Estacionar o vehículo particular nas zonas de bus está prohibido, afectando sobre todo, no horario de entrada e saída: entre as 8.40 e 9.15 h, así como as 13.35 e 14.15 h. Por outra parte, preto do centro educativo hai estacionamento para persoas con mobilidade reducida utilizados por familias que traen aos seus fillos/as ao centro educativo e que é de educación cívica respectar.

Asignación de Rutas:

Ruta nº 1: XIRO TILOS - COTTOLENGO						
Entidade que presta o servizo	Autocares Rías Baixas – Cuiña Mosquera					
Nº alumnos usuarios	4º EI: 2	5º EI: 6	6º EI: 3	1º EP: 3	2º EP: 5	3º EP: 4
	4º EP: 2	5º EP: 3	6º EP: 3			
Horarios	Entrada 08:26-08:50			Saída 14:10-14:33		
Transporte integrado	Si <input type="checkbox"/>			Non <input checked="" type="checkbox"/>		

Ruta nº 2: PONTE SAR-Chantadina - PONTE SAR-B.Mosquera						
Entidade que presta o servizo	Autocares Rías Baixas – Cuiña Mosquera					
Nº alumnos usuarios	4º EI: 1	5º EI: 1	6º EI: 2	1º EP: 3	2º EP: 5	3º EP: 4
	4º EP: 4	5º EP: 7	6º EP: 3			
Horarios	Entrada 08:33-08:50			Saída 14:10-14:26		
Transporte integrado	Si <input type="checkbox"/>			Non <input checked="" type="checkbox"/>		

Ruta nº 3: FERNANDO III - A PONTEPEDRIÑA						
Entidade que presta o servizo	Autocares Rías Baixas – Cuiña Mosquera					
Nº alumnos usuarios	4º EI: 1	5º EI: 1	6º EI: 5	1º EP: 7	2º EP: 3	3º EP: 3
	4º EP: 5	5º EP: 4	6º EP: 5			
Horarios	Entrada 08:40 08:50		Saída 14:10-14:20			
Transporte integrado	Si <input type="checkbox"/>			Non <input checked="" type="checkbox"/>		

3.3. Comedor

Instalación: Espazo destinado para este fin na planta baixa do edificio do CEIP Ramón Cabanillas						
Entidade que presta o servizo	Alimentación Saudable. Xestión externa (concesión do Concello)					
Nº alumnos usuarios	4º EI: 23	5º EI: 22	6º EI: 19	1º EP: 29	2º EP: 32	3º EP: 19
	4º EP: 19	5º EP: 27	6º EP: 13			
Horario de uso	14-16:30					
Nome da persoa responsable	Ángel Castro Vaamonde e Yudy Cristina Gutiérrez Jara					

O comedor do CEIP Ramón Cabanillas é de xestión externa realizada polo Concello e, polo tanto, é a súa responsabilidade o adecuado funcionamento do mesmo.

O regulamento do funcionamento do comedor e o seu servizo está xestionado pola empresa Alimentación Saudable, e debe ser levado ao Consello Escolar. O que se indica en dito regulamento, segundo informa o engardado, é que as/os traballadoras/es, ante os posibles conflitos que poidan ter lugar durante o servizo que se desenvolve no comedor, levan a cabo un rexistro do mesmo e das actuacións correctoras que se levan acabo sobre os mesmos.

A dirección do CEIP Ramón Cabanillas facilita o regulamento orgánico e o protocolo de resolución de conflitos e condutas contrarias á convivencia como base para a súa xestión no interior deste recinto durante o uso deste Servizo. Ademais, solicita con regularidade un informe de incidencias e colabora, en caso de solicitalo, apoio nas actuacións nas que se requira a súa presenza.

3.4. Plan Madruga

Instalación: Espazo destinado para este fin na planta baixa do edificio do CEIP Ramón Cabanillas						
Entidade que presta o servizo	Alimentación Saudable. Xestión externa (concesión do Concello)					
Nº alumnos usuarios	4º El: 7	5º El: 7	6º El: 6	1º EP: 8	2º EP: 8	3º EP: 6
	4º EP: 6	5º EP: 9	6º EP: 4			
Horario de uso	7:30-9:00					
Nome da persoa responsable	Ángel Castro Vaamonde e Yudy Cristina Gutiérrez Jara					

4. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

Nome	Función	Horario
Mª Victoria Castrelo Paz	Administrativo	A diario entre as 7:45 e as 14:45 h e segundo necesidade
Marco Antonio Luaris Beteta	ATE	De 9 a 14 h en horario continuo e entre 8:30 h e 16:30h segundo necesidades (transporte e/ou comedor).
José Pereira Paredes	ATE	De 9 a 14 h en horario continuo e entre 8:30 h e 16:30h segundo necesidades (transporte e/ou comedor).
María del Carmen Pérez Puente	Conserxe	A diario entre as 7:45 e as 14:15 e de 16:15 a 18:45 h Martes entre as 8:00 e as 14:05 h e de 16 a 19 h
María Domínguez Casas	Limpeza	Entre as 11:00 e as 13:00 e de 16:00 a 21:00 h
Regina Penas Seoane	Limpeza	Entre as 14:00 e as 21:00 h
Izabela Anna Niechwiadowicz	Auxiliar de Conversa	De 9:00 a 14:00 h (compartida co CEIP Mestre Xixirei)

5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Mª Begoña Ballesteros Furones	2 horas	Titora EP
Nome equipo apoio/dinamización		Titor/a Nivel/Especialidade
Juan Carlos Mato Rodríguez		Relixión Católica
María del Pilar Souto Farto		Titora El
Henar Bello Seoane		Titora El
María Socorro Pérez Martínez		AL
Nieves Mariño Fraga		Apoio El
Lucía Flora López Pérez (subequipo de Voz Natura)		PT
Lourdes Carneiro Carnero (subequipo de Voz Natura)		PT

- Actividades complementarias.

O CEIP Ramón Cabanillas conta cun realiza as actividades complementarias que se establecen na Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. O seu desenvolvemento priorizará que, cando menos, a realicen todos os cursos do nivel ao que pertence o curso académico que a solicita. Todo o profesorado colabora no desenvolvemento e coidado das hortas.

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Día Universal da Infancia	20 de novembro de 2022	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Día Internacional contra a Violencia de Xénero	25 de novembro de 2022	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Comemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia	Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Día Internacional das Persoas con Discapacidade	3 de decembro de 2022	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos	10 de decembro de 2022	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Día Internacional da Educación	24 de xaneiro de 2023	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Día Escolar da non Violencia e da Paz	30 de xaneiro de 2023	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Día de Rosalía de Castro	23 de febreiro de 2023	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Día Internacional da Muller	8 de marzo de 2023	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Día Mundial dos Dereitos do Consumidor	15 de marzo de 2023	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Semana da Prensa	Do 6 ao 10 de marzo de 2023	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Día das Artes Galegas	1 de abril de 2023	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Día Mundial da Saúde	7 de abril de 2023	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Semana do Libro	Do 17 ao 21 de abril de 2023	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Día Internacional contra o Acoso Escolar	2 de maio de 2023	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Día de Europa	9 de maio de 2023	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Semana das Letras Galegas	Do 15 ao 19 de maio de 2023	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Día Mundial do Medio Ambiente	5 de xuño de 2023	Niveis EI e EP	Profesorado implicado
Igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia	Datas próximas ao 25 de xuño de 2023	Niveis EI e EP	Profesorado implicado

- Actividades extraescolares.

Ao longo do curso, realízanse saídas, para o alumnado, con carácter complementario e/ou extraescolar que non é posible prever a súa concreción no momento da aprobación desta PXA por parte do Consello Escolar. Polo tanto, establecemos que, como norma xeral, salvo indicación do contrario por parte da Administración, quedan aprobadas na PXA por dito Consello Escolar se son autorizadas pola dirección do centro, previa solicitude, priorizando que sexan realizadas, cando menos, para o nivel dos cursos implicados.

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Saídas á contorna	curso	Niveis EI e EP	Profesorado implicado en dita saída
Saídas a museos, eventos artísticos, etc.	curso	Niveis EI e EP	Profesorado implicado en dita saída

6. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Neste curso académico está prevista a renovación do Plan de Autoprotección do Centro Educativo. Dito plan lévase a cabo por parte da arquitecta Fuensanta Albo López, Arquitecto Técnico Colx. nº 1191.

Está previsto realizar a revisión dos espazos e a concreción de melloras en canto ao plan de autoprotección e avaliación en caso de emerxencia, realizándose visita ao centro e revisión dos planos do mesmo. Ademais, está prevista a renovación da sinalización de bocas de incendios, martelos, así como das saídas de emerxencia e dos camiños a seguir para unha correcta avaliación do alumnado, profesorado e demais persoal do centro educativo. Dito informe será notificado ao Concello para a mellora das anomalías detectadas.

O día 25 de outubro está prevista a formación para toda a comunidade educativa (profesorado, alumnado, coidadores, limpeza, conserxe, así como os/as traballadores/as dos servizos complementarios e extraescolares), coa finalidade de coñecer as responsabilidades e as accións a realizar en caso de evacuación do recinto escolar.

Durante o mes de novembro será programada a realización dun simulacro de emerxencia, en situación real, contando cos servizos do 112.

Posteriormente dito plan será inscrito no REGAPE.

7. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA

Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Estefanía Lamas Liste	2 horas	EI
Nome equipo apoio/dinamización		
María C. Penide Mareque		EI
Pilar Puente Mosquera		EI
Manuela Lojo Rocamonde		EP
A. Cristina Martínez Penas		EP
Raquel Cuervo Cazorra		LE (Inglés)

Horario:

Horarios funcionamento biblioteca	
A atención ao alumnado (equipo de biblioteca)	De luns a venres de 11:40-12:10 h
Tempo non lectivo (organización equipo biblioteca)	De luns a venres de 16:30-18:30 h
Coordinación de biblioteca.	Martes de 12:10-13:05 h Mércores de 10:50-11:40 h

Actualmente o centro educativo non participa no Plan de mellora de bibliotecas escolares.

O orzamento asignado á biblioteca é do 7% a cargo dos gastos de funcionamento do centro educativo (Instrucións da Asesoría de Bibliotecas Escolares, publicadas o 06/09/2022).

Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso:

Obxectivo 1: Desenvolver a xestión técnica e a posta en funcionamento da Biblioteca Escolar			
Acción 1	Constituír o equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar e elaborar o Plan Anual de Lectura		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	- Existe representación de tódolos ciclos no equipo de dinamización. - Apróbase por unanimidade o Plan Anual de Lectura.		
Responsables	Coordinadora.		
Recursos e materiais	Proxecto Lector		
Acción 2	Distribución de horarios e planificación de actividades		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	- Acórdanse os horarios coas titorías.		
Responsables	- Existe unha planificación realista e adecuada das actividades ao longo do curso.		
Recursos e materiais	Non se establecen		
Acción 3	Formalización das correspondentes altas e baixas de usuarios e usuarias da biblioteca.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	- Todos os usuarios e usuarias posúen e coñecen o seu código para acceder aos servizos empréstito.		
Responsables	Coordinadora.		
Recursos e materiais	Listaxe de alumnado. Listaxe de códigos.		
Acción 4	Elaboración da memoria final de curso, avaliación do Plan Anual de Lectura e proposta das liñas prioritarias de actuación para o vindeiro curso.		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	- Realízanse enquisas para coñecer o grao de satisfacción do alumnado e profesorado coas propostas do PAL. - Realízanse enquisas para coñecer o grao de satisfacción do alumnado e profesorado coas propostas do PAL. - O equipo analiza o grao de implicación e o aproveitamento das propostas realizadas.		
Responsables	Coordinadora, coa participación do equipo de dinamización e escoitado o resto do Claustro.		
Recursos e materiais	Enquisas. Memoria de actividades.		

Obxectivo 2: Continuar co proceso de catalogación e organización de fondos.			
Acción 5	Catalogación dos fondos acumulados na biblioteca mediante o sistema MEIGA.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	- O equipo foi quen de avanzar nas tarefas de catalogación dos fondos acumulados. - Priorízase a catalogación dos fondos acumulados á adquisición de novos fondos.		
Responsables	Coordinadora e equipo de Dinamización		
Recursos e materiais	Ordenador, impresora, etiquetas, MEIGA.		
Acción 6	Comezo paulatino do urxente e necesario expurgo no espazo da biblioteca.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	- Avánzase nas tarefas de expurgo, logrando ubicar aos fondos pendentes. - O profesorado colabora nas tarefas de selección de material expurgable.		
Responsables	Coordinadora e equipo de dinamización.		
Recursos e materiais	Selo de expurgo, caixa contenedora.		
Acción 7	Reordenación dos fondos atendendo á nosa adaptación da CDU.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	- A CDU emprégase como sistema de ordenación. - Os fondos permanecen ordenados nos andeis segundo a nosa CDU.		
Responsables	Coordinadora, equipo de dinamización, titores e titoras e alumnado colaborador.		
Recursos e materiais	Folletos informativos, paneis CDU, formación de usuarios e usuarias.		
Obxectivo 3: Planificar e promocionar no centro tarefas relacionadas coa animación á lectura e a escritura creativa.			
Acción 8	Recompilación e exposición de materiais arredor da temática do PDI: A Música.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	- Os fondos expostos relacionados coa temática do PDI son suficientes para cubrir as demandas de alumnado e profesorado. - Aténdense as necesidades manifestadas polo profesorado.		
Responsables	Coordinadora e equipo de dinamización.		
Recursos e materiais	Fondos bibliográficos. Cds e Dvds.		
Acción 9	Proposta de actividades e selección e exposición de lecturas para as diferentes celebracións: Samaín, Mes da Ciencia en Galego, Día das Persoas con Discapacidade, Día da Paz, Día de Rosalía, 8-M, Día da Poesía, Semana do Libro, Letras Galegas.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	- Os fondos seleccionados e expostos son suficientes. - Renóvanse e actualízanse os fondos. - A colaboración co resto de dinamizacións implicadas é axeitada.		
Responsables	Equipo de Dinamización		
Recursos e materiais	Fondos bibliográficos e cinematográficos.		

Obxectivo 3: Planificar e promocionar no centro tarefas relacionadas coa animación á lectura e a escritura creativa.			
Acción 10	Posta en marcha das Mochilas Viaxeiras nos cursos voluntarios.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - O alumnado amosa interese no uso das mochilas. - O profesorado participa na actividade. 		
Responsables	Coordinadora, equipo de dinamización, titores e titoras.		
Recursos e materiais	Mochilas, fondos bibliográficos, prensa, material audiovisual.		
Acción 11	Organización de sesións de lectura interaulas, contacontos e encontros con algún escritor ou escritora, ilustrador ou ilustradora.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - O alumnado participa con interese nas sesións de contacontos. - O alumnado ofrécese voluntario para a lectura de contos aos compañeiros. - Os encontros con persoas relacionadas co mundo editorial son valorados positivamente por profesorado e alumnado. 		
Responsables	Equipo de dinamización e titorías.		
Recursos e materiais	Fondos bibliográficos.		
Acción 12	Elaboración de guías de lectura para distribuír de cara ás vacacións de Nadal e de verán.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - As titorías participan na selección de lecturas correspondentes ao seu ciclo. - As familias ven proveitosa a difusión destas guías. - O formato empregado para a súa publicación é o axeitado. 		
Responsables	Coordinadora, equipo de dinamización. Titorías.		
Recursos e materiais	Catálogos editoriais. Librerías.		
Acción 13	Difusión das actividades organizadas a través da Web do centro e do blog da Biblioteca.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - Existe unha axeitada frecuencia de publicacións para manter activo o blog. - O blog é empregado como medio de difusión de actividades e recursos nas aulas. - As titorías aportan material para publicar no blog. - O alumnado participa nas actividades propostas. - As familias acceden ao blog e participan nas actividades propostas. 		
Responsables	Coordinadora. Titorías.		
Recursos e materiais	Blog Biblio Furelo e material necesario para as diferentes actividades que se propoñan.		

Obxectivo 4: Programar unha axeitada formación de usuarios e usuarias, contribuíndo así á súa educación documental.			
Acción 14	Establecemento e difusión das normas de organización e funcionamento da Biblioteca.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - O alumnado coñece e respecta as normas de funcionamento do espazo. - O profesorado presente na biblioteca é suficiente para atender ao alumnado e manter a orde deste espazo. - O alumnado colaborador facilita a convivencia pacífica no espazo da Biblioteca. 		
Responsables	Equipo de dinamización. Titorías. Alumnado colaborador.		
Recursos e materiais	Folletos, carteis, blog.		
Acción 15	Edición de carteis e vídeos informativos arredor das normas de funcionamento da biblioteca e organización dos fondos.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - O material elaborado é accesible e de fácil comprensión para o alumnado. - O material elaborado recolle os puntos necesarios para o mantemento da orde na biblioteca. - O material elaborado é suficiente para a difusión das normas e as pautas de organización. - O profesorado e o alumnado colabora no mantemento do espazo. 		
Responsables	Coordinadora. Titorías.		
Recursos e materiais	Presentacións dixitais. Equipo de vídeo. Trípticos e cartelería.		
Acción 16	Formación do alumnado colaborador para axilizar as tarefas de xestión e organización da biblioteca.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - O alumnado colaborador coñece con claridade as súas funcións. - O alumnado colaborador implícase de xeito adecuado nas súas funcións. - O alumnado colaborador acude á Biblioteca regularmente. 		
Responsables	Coordinadora. Alumnado colaborador.		
Recursos e materiais	Listaxes de alumnado. Trípticos. Presentacións. Xogos e actividades de localización de fondos.		
Acción 17	Planificación de actividades de formación de usuarios e usuarias.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - Os usuarios e usuarias saben ubicar os fondos na biblioteca. - O alumnado coñece as bases do sistema de organización de fondos. 		
Responsables	Coordinadora. Alumnado colaborador. Titorías.		
Recursos e materiais	Trípticos. Presentacións. Xogos e actividades de localización de fondos.		

Obxectivo 4: Programar unha axeitada formación de usuarios e usuarias, contribuíndo así á súa educación documental.

Acción 18	Asesoramento individualizado para a procura de información e localización de fondos.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	- O alumnado é quen de localizar os fondos que busca. - O profesorado que atende a Biblioteca ten dispoñibilidade e formación necesaria para atender de xeito individualizado ao alumnado. - O alumnado amósase satisfeito coa atención recibida.		
Responsables	Coordinadora. Alumnado colaborador.		
Recursos e materiais	Folletos informativos. Enquisas de valoración.		

8. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

- Liña 1 do programa de formación do profesorado: Competencia en educación inclusiva e coeducación.

Actividade formativa/programa: Matemáticas e inclusión	
Descrición do programa	Desenvolvemento na competencia en educación inclusiva e coeducación. Crear recursos para o desenvolvemento de actividades matemáticas que promovan a inclusión e cooperación entre o alumnado.
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso <input checked="" type="checkbox"/> Grupo Traballo <input type="checkbox"/> Seminario <input type="checkbox"/> Xornada <input type="checkbox"/> Ponencia <input type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Responsables	CAFI
Participantes	6 profesores (20%) Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Nome coordinador	Eva María Mouro García
Nome asesor externo	Marta Río Rey

- Liña 2 do programa de formación do profesorado: Competencia Dixital.

Actividade formativa/programa: Plan Dixital e Polos Creativos	
Descrición do programa	Actualización da Páxina Web do centro. Actualización das ferramentas útiles para as aulas virtuais en función do uso. Coñecer recursos para poñer en marcha Polos Creativos.
Tipo	<input type="checkbox"/> Curso <input type="checkbox"/> Grupo Traballo <input checked="" type="checkbox"/> Seminario <input type="checkbox"/> Xornada <input type="checkbox"/> Ponencia <input type="checkbox"/> Taller
Horas	Temporalización
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Responsables	CAFI
Participantes	8 profesores (25%) Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Nome coordinador	Rosario Villar Rodríguez
Nome asesor externo	Marta Río Rey

- Liña 3. Fóra do ámbito da formación do CAFI, o centro educativo participa desde hai varios anos no Programa ELISA (USC), un estudo lonxitudinal para unha infancia saudable. Por outra banda, desde o curso académico 2021/22, participamos no Programa EmPeCeMos. Emocións, Pensamentos e Condutas para un desenvolvemento saudable (USC), baseado na intervención multicompetente na que se traballa coas familias, o profesorado e o propio alumnado para abordar problemas de conduta temperá e prever o desenvolvemento de futuros desaxustes sociais, emocionais e condutuais, traballará especificamente cos grupos do curso anterior (actualmente en 2º curso de EP) e que vai destinado á formación e implementación do programa por parte do profesorado implicado e aquel outro que o desexe, segundo a recollida e análise de datos realizados no curso anterior.

Obxectivo 1: Desenvolver o Programa EmPeCeMos (USC)			
Acción 1	Manexo da conduta do/a neno/a e establecemento de consecuencias.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	- O 50% dos docentes identifican o comportamento e responden segundo as circunstancias específicas de dito comportamento. - O 50% alumno ou alumna executor/a de dito comportamento e a súa familia comprenden as consecuencias de realizar este comportamento.		
Responsables	Titorías implicadas e equipo docente do grupo-clase. Xefatura de estudos. Comunidade educativa, en concreto a familia do alumno/a que realiza este comportamento.		
Recursos e materiais	Formación da USC, material e charlas.		
Acción 2	Reforzo académico e estruturación do contexto escolar e familiar		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	- O/a docente (50%) e familia implicados (50%) utilizan similares reforzos para establecer determinados comportamento e minimizar e/ou eliminar outros considerados inadecuados. - A comunidade educativa (familias implicadas 50%, ANPA (75%)) coñece e comprende que as circunstancias específicas de cada acción repercute en consecuencias diferentes, para establecer unha convivencia adecuada e comprensiva.		
Responsables	Titorías implicadas e equipo docente do grupo-clase. Xefatura de estudos. Comunidade educativa, en concreto a familia do alumno/a que realiza este comportamento.		
Recursos e materiais	Formación da USC, material e charlas.		

Obxectivo 1: Desenvolver o Programa EmPeCeMos (USC)			
Acción 3	Establecemento de habilidades de comunicación e resolución de problemas na casa e no fogar		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	- O/a docente (50%) e familia implicados (50%) na resolución de problemas utilizan rutinas baseadas en habilidades de comunicación e de resolución de problemas coñecidas aceptadas por ambas partes, no desenvolvemento de accións correctoras dun comportamento inadecuado ou reforzadoras dun comportamento adecuado, para establecer accións similares na resolución de problemas no fogar e na escola (50%)		
Responsables	Xefatura de estudos, titorías implicadas, equipo docente do grupo-clase e docentes en formación. Comunidade educativa, en concreto a familia do alumno/a que realiza este comportamento.		
Recursos e materiais	Formación da USC, material e charlas.		

9. PROXECTO EDUCATIVO

O Proxecto Educativo do CEIP Ramón Cabanillas foi revisado no 2019. Brevemente, detallamos as modificacións existentes no curso académico 2022/23.

Análise de contexto.

O alumnado deste centro educativo procede das zonas do Castiñeiriño, Pontepedriña, Sar, Belvís e zona leste do Ensanche de Santiago (rúa do Hórreo e República Arxentina), tratándose de zona urbana, con algunhas zonas verdes, de horta, etc.). Tamén asiste alumnado que non pertence especificamente a área de influencia do centro educativo por considerar, as/os titoras/es legais, que contamos con recursos que o/a seu/súa fillo/a pode necesitar.

En xeral, o alumnado pertence a familias cun nivel sociocultural medio e alto, aínda que tamén temos alumnado cuxas familias presentan na actualidade, un nivel económico baixo e/ou estrutura familiar complexa. En cada caso, o centro educativo, a través do Departamento de Orientación, ofrece unha resposta específica en función da súa capacidade de acción, e informa ás familias que o precisen dos recursos públicos cos que poden contar.

Do mesmo xeito, a ANPA As Brañas colabora no conxunto de accións que o centro educativo pon en marcha para minguar as diferencias económicas que poidan existir no desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares. Por outra banda, realiza accións de formación ás familias encamiñada ao coñecemento da diversidade social e cultural, así como de conservación do patrimonio material e inmaterial.

Equipamento.

Para o curso 2022/23, no mes de xullo dotaron de cadeiras e mesas suficientes para a aula de liña 3 habilitada en 5º de EP. Por este motivo, habilitouse unha aula máis E-Dixgal que, aínda sen contar coa dotación completa da mesma está funcionando adecuadamente. Nun primeiro momento, por falta de existencias na Administración, utilizamos os Kitts- Educa en Dixital e convertibles (Kitts E-Dixgal) de reposto cos que conta o centro educativo para dotar ao alumnado en caso de inutilidade. Actualmente, esta situación xa foi revertida e contamos cos medios suficientes para o alumnado.

Ademais, están dotando o centro educativo de Wifi en todo o interior do edificio, estamos pendentes de que o seu funcionamento se inicie proximamente.

Por outra banda, a través do Proxecto Polos Creativos 2022/23, está previsto que a Administración dote a casa da conserxe converténdoa en Casa das Ciencias do Ramón Cabanillas (C2RC) con sala para experimentación (máquina de chapas, máquina de coser, material básico para iniciar no estudo das ciencias e coidado do medio ambiente-hortas urbanas-, telescopios, microscopios, etc.), aula tecnolóxica (dotada con croma, recursos audiovisuais, material para robótica e impresora 3D), sala insonorizada para radio (dotada cos recursos necesarios de gravación e edición de son).

Unidades habilitadas.

O CEIP Ramón Cabanillas conta para o curso 2022/23 con 19 unidades autorizadas:

- 6 unidades de Educación Infantil: 2 unidades para 4º nivel, 2 unidades para 5º nivel e 2 unidades para 6º nivel.
- 13 unidades de Educación Primaria: 2 unidades para 1º nivel, 2 unidades para 2º nivel, 2 unidades para 3º nivel, 2 unidades para 4º nivel, 3 unidades para 5º nivel e 2 unidades para 6º nivel.

As/os docentes son asignados por catálogo de postos de traballo e/ou necesidades sobrevidas. A continuación detallamos a docencia actual para este curso académico:

- 8 docentes de EI.
- 11 docente de EP.
- 1 docente de LE (francés) de EP.
- 2 docentes de LE (inglés).
- 2 docentes de EF.
- 1 docente de EM.
- 2 docentes de ER (Educación católica). Unha delas compartida (2 h lectivas).
- 2 docentes de PT.
- 2 docentes de AL. Unha delas compartida (15 horas lectivas).
- 1 docente no departamento de orientación.

Oferta educativa.

O CEIP Ramón Cabanillas oferta as etapas educativas de Educación Infantil e Educación Primaria, sendo un centro educativo público, polo que depende de xeito directo da Consellería de Cultura, Educación e Universidades.

O centro educativo oferta a lingua estranxeira de inglés desde 4º nivel de educación infantil ata 6º de educación primaria.

Ademais, o centro educativo oferta en 4º nivel de educación primaria a materia de libre configuración de centro de xadrez, e no 6º nivel de educación primaria a materia de libre configuración de centro de 2ª lingua estranxeira: francés.

Por outra banda, o centro educativo oferta, como materia opcional, a relixión católica ou valores (nos cursos pares, LOMCE) e proxecto competencial (en educación infantil e nos cursos impares. LOMLOE).

Espazos.

O CEIP Ramón Cabanillas está ubicado nun edificio, moderno e de nova creación, que data de 2010. Dende aquela duplicou o servizo que realiza, contando neste momento con 419 alumnos/as matriculados/as, e tendo unha capacidade teórica de 450.

Actualmente, o seu tamaño é insuficiente en relación aos espazos comúns utilizables, polo que foi autorizado durante o curso académico 2021/22 para utilizar con finalidade educativa a casa da conserxe. Con este fin, a Xefatura Territorial autorizou, do mesmo xeito, un gasto extraordinario para o arranxo da terraza da casa, afectada por humidades e desprendementos, por estar en desuso. Tamén acondicionou, en parte, as salas que serán utilizadas con fins didácticos. Neste momento, estanse realizando reunións para concretar e autorizar os recursos necesarios en función dos usos proxectados neste espazos dentro do programa Polos Creativos, autorizado en xuño de 2022 e, co asesoramento sistemático e eficiente dos docentes Jose Francisco Nanín Castro (asesor externo do Plan Dixital e Polos Creativos).

Por outra banda, no curso 2021/22 iniciouse o programa Hortalíza-T (coa coordinación da bióloga e formadora, Luz Eyo, que ademais é nai de alumnado do centro educativo) para que docentes e alumnado poidan aproveitar espazos de horta como un recurso vivo para desenvolver a docencia durante o curso académico. Do mesmo xeito, este espazo quedou aberto á Comunidade Educativa a través dun programa de voluntariado desenvolvido durante os meses de verán (coa colaboración da ANPA As Brañas). Este programa ten continuidade no curso académico 2022/23 con intención de manter este espazo e de crear outros novos segundo Proxecto de Voz Natura 22/23).

10. CONCRECIÓN CURRICULAR

Os órganos de goberno quedan regulados pola norma existente (Decreto 374/1996, do 17 de outubro, pola que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento) e pola normativa acumulada da Administración, tendo en conta as modificacións que as leis (LODE, LOXSE, LOCE, LOE, LOMCE e LOMLOE) foron aplicando ao longo destes anos.

As competencias destes órganos quedan establecidas, ademais da norma anterior autonómica, pola LOE e a LOMLOE), establecendo como mínimo unha reunión mensual:

- Órganos Unipersoais:
 - o Dirección: Rosa María Vicente Álvarez.
 - o Xefatura de Estudos: María Lourdes Antelo Rodríguez.
 - o Secretaría: María del Carmen Penide Mareque.
- Órganos Colexiados: Claustro docente e Consello Escolar.

Os Órganos de Coordinación Docente son:

- Comisión de Coordinación Pedagóxica (art. 61 e 62 do D. 374/1996, de 17 de outubro). Ten a función de asegurar que a Acción Titorial se desenvolve conforme aos criterios establecidos polo Claustro, asegurar a coherencia entre o PE e as PD, velar polo cumprimento e avaliación dos proxectos curriculares, canalizar as necesidades de formación do profesorado cara o centro de formación, designar o responsable de actividades extraescolares, propor ao profesorado que forma parte do equipo de Dinamización da Lingua Galega, de ser o caso.
 - o Presidencia: Rosa María Vicente Álvarez (dirección).
 - o Xefatura de estudos: M^a Lourdes Antelo Rodríguez.
 - o Coordinacións de ciclo: Henar Bello Seoane (EI), Eva M^a Mouro García (1^o ciclo EP), Ana Cristina Martínez Penas (2^o ciclo EP), M^a Teresa Castro Parga (3^o ciclo EP).
 - o Profesorado de apoio educativo: Lourdes Carneiro Carnero (PT), Lucía Flora López Pérez (PT), M^a Socorro Pérez Martínez (AL), Rosa Sandra Pazos Bello (Xefa DO).
 - o Coordinación do EDLG: Daniel Sanmartín Souto.
 - o Coordinación de Biblioteca: Estefanía Lamas Liste.
 - o Secretaría: Lucía Cazás Rosende (AL).

- Equipos de ciclo (2º ciclo na etapa infantil e 1º, 2º e 3º ciclo na etapa de primaria). Rexeranse, na avaliación do alumnado, pola Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Equipos de Dinamización (Actividades Complementarias, Biblioteca, Lingua Galega, Plan Dixital, E-Dixgal). Cadanseu establece as actividades segundo a liña directriz da dirección do centro educativo e dos obxectivos formulados pola CCP para o presente curso académico (oídos os equipo de dinamización), así mesmo ten en conta as convocatorias anuais respectivas que se consideren de interese avaliados a través de dita comisión para o desenvolvemento didáctico das actividades contextualizadas ao propio centro educativo e ás prioridades do proxecto de dirección.
- Equipo do Departamento de Orientación (en coordinación coa Xefatura de Estudos e a Dirección do centro). Rexerase pola norma establecida no Decreto 120/1998, de 23 de abril, pola que se regula a orientación educativa e profesional e na CCAA de Galicia, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, así como a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolver dito decreto. As titorías deben ser coñecedoras das directrices establecidas polo departamento de orientación, a través dos equipos de ciclo presentes na reunión mensual, en relación ao desenvolvemento da titoría e do traballo didáctico do profesorado da mesma, así mesmo, estas informarán das necesidades educativas de cada alumno/a nas titorías do seu ciclo e do seu tratamento específico desenvolvido polo conxunto do equipo docente que imparte clase en cada titoría, informando á xefatura de estudos e a dirección do centro para desenvolver unha actuación común a través da CCP.

Nas seguintes liñas, expoñemos un resumo do establecido nos equipos docentes de cada nivel, así como nas especialidades, o currículo, en base a norma vixente segundo o calendario de implantación da LOMLOE (<https://educagob.educacionyfp.gob.es/lomloe/calendario-implantacion.html>).

Tendo en que conta que, o 2º ciclo de educación infantil, 1º, 3º e 5º de EP atópanse realizando as PD, segundo a normativa LOMLOE (a instrución establece o 30 de novembro de 2022 como data límite para o envío das PD á Inspección Educativa), esta PXA fai referencia aos ciclos de EP e que están pola LOMCE, excepto no indicado para ás avaliacións.

10.1. Programación 1º ciclo Educación Primaria

10.1.1. Profesorado do equipo docente

Titorías	Nivel	Grupo
Manuela Teresa Lojo Rocamonde	1º	A
Rosario Villar Rodríguez	1º	B
María Begoña Ballesteros Furones	2º	A
Eva María Mouro García	2º	B

Equipo docente	Especialidade
Raquel Cuervo Cazurra	Lingua Estranxeira: inglés
José Luis Feijoo Blanco	Educación Física
Fernando Fafián Lemos	Educación Musical
Juan Carlos Mato Rodríguez	Relixión
Lucía Flora López Pérez	PT
Lourdes Carnero Carneiro	PT
Mª Socorro Pérez Martínez	AL
Lucía Cazás Rosende	AL

10.1.2. Contextualización

Neste curso escolar 2022/2023, o ciclo conta co seguinte alumnado:

Nivel	Grupo	Alumnado
1º	A	25
1º	B	25
2º	A	25
2º	B	25
Alumnado total do 1º Ciclo de EP		100

Os/as nenos/as do ciclo posúen as seguintes características psicoevolutivas xerais:

- **Desenvolvemento afectivo-social:**

Os nenos e nenas deste ciclo están preparados para ir adquirindo novas responsabilidades. Os seus pais, nais e/ou titores legais aínda son as persoas máis importantes nas súas vidas, aínda lles demandan cariño e atención, pero empezan a valorar os seus amigos e a desenvolver actitudes e comportamentos de participación, cooperación, respecto recíproco e tolerancia. Gústalles sentirse parte de grupos organizados e estar con membros do mesmo sexo. Van fixando as súas amizades e entendendo o concepto.

Empezan a darlle importancia aos sentimentos e necesidades doutras persoas.

Adquiren conciencia das súas limitacións e capacidades, a súa autonomía é cada vez maior.

Empezan a entender os conceptos de moralidade e honradez e, ao final da etapa, chegarán a consolidar a súa identidade.

- **Desenvolvemento cognitivo:**

Atópanse nunha etapa intermedia do período preoperatorio no que se preparan e organizan as operacións lóxico-concretas. Son capaces de ordenar mentalmente unha serie de acontecementos cara adiante e cara atrás, no espazo e no tempo.

Van da intelixencia práctica intuitiva á operativa, construíndo e asimilando a realidade a partir da propia actividade e experiencia persoal e cotiá.

Adquiren progresivamente o pensamento causal, que lles permite liberarse do egocentrismo e subxectivismo para establecer o límite entre o eu e a realidade.

A medida que van consolidando o seu autoconcepto e autoestima, toman conciencia de si mesmos e dos demais e defenden o seu carácter. Vanse facendo responsables das súas propias accións e constrúen a súa personalidade.

Manifestan gran curiosidade intelectual interesándose polo porqué das cousas. Son facilmente motivados porque están desexando aprender.

- **Desenvolvemento da linguaxe:**

A habilidade para falar e expresarse por si mesmos desenvólvese con rapidez. A linguaxe convértese nun instrumento para a madurez cognitiva, afectiva e social, o cal lles permite compartir os seus pensamentos e reaccións cos demais, sistematizar a acción e planificala no futuro.

Van utilizando estruturas sintácticas máis complexas grazas á adquisición de novos coñecementos e son capaces de desenvolver progresivamente as habilidades metalingüísticas, é dicir, utilizar a linguaxe para analizar a propia linguaxe.

Posúen a capacidade suficiente para adecuar a linguaxe a distintos contextos e interlocutores.

Progresan no dominio da linguaxe escrita e a lectura, o que lles permite desenvolver novas posibilidades de expresión.

As técnicas de estudo, a atención e a memoria cobran maior importancia, pero serán guiados polo adulto para mantelos enfocados na tarefa e alcanzar os seus mellores resultados.

Teñen acceso a linguaxe musical, matemáticas, plástica e artística.

- **Desenvolvemento psicomotor:**

Os nenos e nenas de seis a oito anos adquiren plena conciencia do seu esquema corporal e ton, tanto en movemento coma en repouso.

Son capaces de adaptar a postura e o equilibrio ás circunstancias e condicións de cada actividade.

Perfeccionan a psicomotricidade grossa e fina e as habilidades motrices básicas imprescindibles para a aprendizaxe eficaz da lectoescritura.

Afirman a lateralidade e a organización espazo-temporal.

Desenvolven a capacidade de expresar sentimentos a través da dramatización, a mímica e o baile.

Na seguinte táboa recollemos algunhas das características do noso alumnado:

Aspectos relevantes a ter en conta no alumnado	Nº de alumnos/as				TOTAL
	1º curso		2º curso		
	Grupo				
	A	B	A	B	
Transporte escolar	6	5	6	7	24
Comedor escolar	18	14	18	16	66
Alerta escolar	1	0	0	2	3
Alumnado NEE e NEAE	1	2	3	3	9
Incorporación tardía ao Sistema Educativo	0	0	0	0	0
Novos no centro	0	2	0	1	3
Repetición	0	0	0	0	0
Relixión católica	7	3	11	11	32
Total alumnado	18	22	14	14	68

10.1.3. Obxectivos e plan de traballo do equipo docente

- Adecuar os obxectivos e os contidos do nivel ás necesidades reais dos nenos e nenas.
- Comprobar que os contidos que aparecen nos libros de texto se axusten á concreción curricular das distintas áreas.
- Pedir a colaboración e o asesoramento do Departamento de Orientación na busca de solucións para os problemas ou as dificultades dos nenos e nenas na súa aprendizaxe.
- Tratar de que o alumnado que o precise, reciba o reforzo necesario nas áreas instrumentais cando non acaden os obxectivos recollidos nas programacións.
- Realizar reunións de ciclo coa finalidade de coordinar a nosa tarefa educativa e compartir as nosas experiencias dentro da aula.
- Realizar unha xuntanza inicial coas familias de cada grupo para dar a coñecer os aspectos de funcionamento e organización, tanto do centro educativo como da aula.
- Participar no Proxecto de Voz Natura.
- Participar nos diferentes proxectos colectivos que se desenvolvan.
- Participar, de xeito voluntario, no desenvolvemento das actividades propostas polos distintos equipos de traballo: Biblioteca, EDLG, etc.
- Participar, de xeito voluntario, nas actividades do Plan Lector Anual adaptándoas ao nivel.
- Establecer para cada grupo unha sesión semanal para acudir á Biblioteca do centro sempre que fora posible.
- Establecer un tempo diario para a lectura na aula: Tempo de ler.
- Crear nas aulas unha Biblioteca, con aportacións dos propios alumnos, das mestras ou da Biblioteca do centro, procurando que conte con libros informativos, narrativos, de poesía... respectando sempre as normas de uso deste recanto.
- Realizar exposicións de libros relacionados cos diferentes centros de interese: o corpo, as estacións, o Samaín, etc.

- Participar, de xeito voluntario, nas actividades que se realicen a nivel de centro.
- Continuar coa progresiva introdución das TICs nas programacións e na actividade diaria das aulas.

Desenvolver valores relacionados:

- Co coidado dun mesmo, dos compañeiros/as, do material, do mobiliario e do espazo.
- Coa tolerancia e co respecto.
- Coas normas de cortesía e as establecidas nas aulas.
- Coa solidariedade entre compañeiros e compañeiras.
- Coa capacidade de traballo individual e en grupo.
- Co respecto á contorna.

10.1.4. Medidas de Atención á diversidade.

Un sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade é aquel que pode garantir a atención de cada alumna/o segundo a súa realidade persoal e social, o que significa, entre outros aspectos, que as medidas organizativas, as curriculares e a dotación de recursos se adaptan ao que cada alumno/a necesita, tal e como se recolle na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Cada alumna/o ten unha ampla gama de necesidades educativas, debido á presenza de múltiples factores persoais, sociais e culturais, que deben ser satisfeitas. É necesario planificar e desenvolver un programa coherente de orientación e acción titorial para facilitar a resposta educativa ás súas necesidades específicas, permanentes ou transitorias.

Neste curso porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. O/A docente, en colaboración coa titora e o resto do equipo docente, atendendo ás propostas e directrices do Departamento de Orientación, será quen decida o momento e o tipo de actividade que se precisa para cada alumno/a, dependendo do obxectivo que se queira desenvolver, recuperar e/ou reforzar.

Partiremos dunha avaliación inicial, realizada no mes de setembro e da análise dos informes previos de cada alumno/a para establecer un punto de partida. As conclusións desta avaliación inicial quedan recollidas no XADE. Se algún alumno ou alumna o precisa, acudirase aos especialistas oportunos en busca de axuda e asesoramento. Tamén se traballará con apoios específicos na aula ou de xeito individualizado, coa colaboración dos especialistas e dos mestres e mestras integrantes do ciclo. Estes apoios terán en conta os casos individuais e a integración dos mesmos no traballo da aula.

10.1.5. Avaliación e criterios de cualificación

Segundo a Orde do 25 de xaneiro do 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia a avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, e do exercicio da práctica docente.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación.

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

Na propia programación didáctica de cada nivel establécense os mínimos exixibles para acadar unha valoración positiva en cada unha das materias e promocionar de curso. Ademais, neste sentido os criterios de cualificación para avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado será o seguinte:

	Traballo diario	Fichas individuais
1º EP	70%	30%
2º EP	60%	40%

As probas/fichas individuais correspóndense ás unidades didácticas ou aos contidos traballados ao longo do curso escolar en cada unha das materias impartidas polas titoras de cada grupo, agás as materias de valores sociais e cívicos así como a área de plástica cuxa cualificación final abranguerá o traballo diario de clase, non contemplándose a realización de probas escritas nin orais.

Promoción ao finalizar o 1º ciclo de EP.

Ao finalizar o 2º nivel e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción en 1º de educación primaria será automática.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas.

10.1.6. Tarefas extraescolares

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, así coma o Decreto 105 xa mencionado con anterioridade establecen a importancia de incluír na PXA as pautas e os criterios xerais sobre a realización de tarefas extraescolares. Neste senso, dende o primeiro ciclo de educación primaria consideramos oportuno seguir reforzando o valor da responsabilidade na consecución do traballo que cada día realizan na aula nos seguintes casos:

- cando un neno/a non remate a tempo as tarefas na escola.
- cando un neno/a falte ao colexio, sempre e cando a realización das mesmas non supoña unha incompatibilidade coa súa saúde e benestar.
- cando se fomenten actividades de repaso, reforzo e actividades xerais de lectura.
- cando se precise colaboración coas familias para realizar actividades de búsqueda e recollida de información para levar a cabo un proxecto, unha pequena investigación, etc.
- cando un alumno/a non alcance os obxectivos propostos, previo acordo coa familia, poderá desempeñar no fogar tarefas adicionais co fin de garantir o pleno desenvolvemento do seu proceso de ensino e aprendizaxe.

10.1.7. Actividades complementarias e extraescolares

Tendo en conta a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia as conmemoracións que realizaremos no primeiro ciclo son as que se detallan a continuación:

- 3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente.

Ademais, pola súa transcendencia cultural, realizaremos a nivel de centro as seguintes celebracións:

- Magosto
- Paz
- Entroido
- Letras Galegas

Por outra banda, valoramos levar a cabo outro tipo de actividades complementarias ao longo do curso escolar. As propostas son as que se detallan a continuación:

- Museos da contorna: Museo de Historia Natural, MUPEGA, CGAC, Cidade da Cultura, etc.
- Actividades e andainas pola contorna: Brañas do Sar e outras zonas verdes próximas ao centro educativo.
- As ofrecidas dende o Auditorio de Galicia, Sargadelos, Fundación Abanca, Oficina do Consumidor, etc.
- Consideraranse todas aquelas que sexan ofertadas ao centro dende diferentes organismos e institucións e que sexan propicias para o ciclo.
- Como saída de final de curso valórase a idea de realizar unha xornada de convivencia á granxa escola de Bergando, en Negreira. De non ser posible, estudaremos outras opcións de similares características.

Cómpre subliñar, que esta listaxe é aberta e flexible; polo tanto ao longo do curso valoraremos diferentes posibilidades en función das características e implicacións das mesmas e tendo en conta os intereses e características dos nosos alumnos/as.

10.2. Programación 2º ciclo Educación Primaria

10.2.1. Profesorado do equipo docente

Titorías	Áreas	Nivel	Grupo
Ana Cristina Martínez Penas	Lingua galega, lingua castelá, matemáticas, ciencias sociais, ciencias naturais, P.C.	3º	A
Carmen Fernández Cacho	Lingua galega, lingua castelá, matemáticas, ciencias sociais, ciencias naturais, P.C.	3º	B
Josefa Vigo Lancho	Lingua galega, lingua castelá, matemáticas, ciencias sociais, ciencias naturais, educación en valores sociais e cívicos.	4º	A
Daniel Sanmartín Soto	Lingua galega, lingua castelá, matemáticas, ciencias sociais, ciencias naturais, educación en valores sociais e cívicos.	4º	B

Docente	Especialidade / Materia da área que imparte	Nivel	Grupo
Jesús Lojo Dávila	Educación Física	3º	A e B
Fernando Fafián Lemos	Educación Musical	3º	A e B
Lucía Flora López Pérez	PT	3º	A e B
Lourdes Carneiro Carnero	PT	3º	A e B
Juan Carlos Mato Rodríguez	Relixión	3º	A e B
Mª Socorro Pérez Martínez	AL	3º	A e B
Lucía Cazás	AL	3º	A e B
Raquel Cuervo Cazorra	Lingua inglesa	3º	A e B
Mª José Fidalgo Torreira	Lingua inglesa	4º	A e B
Rosa Mª Vicente Álvarez	Educación Plástica (Ed. Artística) Sección Bilingüe	4º	A e B

10.2.2. Contextualización

É un centro emprazado nun contexto urbano nun edificio de recente creación.

O alumnado de 3º A e 3º B están ubicados na parte dereita do segundo andar, Na mesma ala está 4º curso (A e B), os baños dos profesores e un aula de 6º. O nivel socioeconómico é medio, aínda que hai un pequeno porcentaxe de familias procedentes doutras Comunidades Autónomas .

Existe implicación dos pais/nais no funcionamento do centro a través da ANPA que xestiona as actividades extraescolares. O comedor escolar está xestionado polo concello.

O 4º nivel de Educación Primaria está composto por 49 alumnos e alumnas distribuídos en dous grupos. Temos dúas alumnas e un alumno novos este curso. Todos son nenos e nenas activos e imaxinativos que experimentan un desenvolvemento cognitivo, afectivo e psicomotriz dentro da normalidade.

Neste nivel encontrámonos con alumnado moi diferente, procedente de contextos socioculturais dispares, presentando aptitudes moi diversas e levando a cabo unha mellor ou peor disposición cara a aprendizaxe.

10.2.3. Obxectivos e plan de traballo do equipo docente

- Traballar de forma coordinada na realización das programacións e definir, concretar e adaptar á nosa realidade os contidos, as competencias clave, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe do curso.
- Elaborar plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2021/2022.
- Crear nas aulas un ambiente que favoreza o desenvolvemento das competencias clave.
- Concretar o sistema de apoio a nenos con dificultades educativas, procurando unha atención individualizada e unha eficaz acción titorial.
- Preparar actividades de reforzo e ampliación para atender á diversidade do alumnado.
- Realizar un seguimento individual dos nenos para valorar o seu progreso académico.
- Elaborar criterios de promoción de curso en base aos criterios de avaliación e e aos mínimos esixibles.
- Avaliar e revisar, se fose preciso, a programación didáctica.
- Realizar unha xuntanza xeral cos pais/nais no mes de outubro.
- Propoñer canles que permitan a colaboración e a cooperación entre familias e profesorado no proceso de aprendizaxe dos alumnos para manter unha relación eficaz tanto nas horas de titorías como nas ocasións puntuais que se consideren oportunas.

- Contribuír na mellora da convivencia escolar desenvolvendo hábitos de respecto e resolución de conflitos.
- Desenvolver en todo momento unha educación na igualdade a través de actividades que favorezan o traballo en equipo e establezan relacións de igualdade.
- Fomentar no alumnado o gusto pola lectura programando actividades que favorezan a lectura na aula e o uso da biblioteca.
- Fomentar o emprego intelixente das novas tecnoloxías.
- Implicar aos alumnos no proxecto dirixido polo Equipo de Medio Ambiente, valorando a necesidade de velar polo noso entorno.
- Continuar coa recollida selectiva de lixo nas aulas e no centro.
- Facer un seguimento do absentismo escolar e das faltas de puntualidade e comunicar esta información ás familias.
- Planificar e realizar as sesións de avaliación.

10.2.4. Distribución do alumnado segundo elección de área ou material

Área ou materia	Curso e Grupo				Número de alumnos/as que asisten a cada área ou materia	
	3º		4º		Relixión católica	Proxecto Competencial
	A	B	A	B		
Relixión católica	7	10	11	9	17	32
Proxecto Competencial (3º) ou Valores Sociais e Cívicos (4º)	18	14	13	16	32	29
Sección Bilingües na material de Educación Plástica (Área de Ed. Artística)	-	-	24	25	49	

10.2.5. Alumnado e medidas de Atención á diversidade.

Durante as primeiras semanas do curso escolar realízase a avaliación inicial que comprenderá as seguintes accións:

1. Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
2. Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2021/2022 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe, reforzaranse os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior. Este plan de reforzo estenderase, aló menos, durante o primeiro trimestre do curso 2022/2023.

A adecuada atención da diversidade é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais, que deben ser satisfeitas. É necesario planificar e desenvolver un programa coherente de orientación e acción tutorial que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, permanentes ou transitorias.

Porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. O profesor será o que decida o momento e o tipo da actividade que se precisa para cada neno, dependendo do obxectivo que queiramos recuperar ou reforzar.

Se algún alumno o precisa, acudirase aos especialistas en busca de axuda e asesoramento. Unido a todo isto, tamén se traballará con apoios específicos na aula, coa colaboración dos especialistas e dos mestres do nivel. Estes apoios terán en conta os casos individuais e a integración dos mesmos no traballo da aula.

Neste curso escolar 2022/2023, o ciclo conta co seguinte alumnado:

Nivel	Grupo	Alumnado
3º	A	25
3º	B	24
4º	A	24
4º	B	25
Alumnado total do 2º Ciclo de EP		98

O 3º nivel de educación primaria está composto por un grupo de 49 alumnos/as , distribuído entre 25 nenas e 24 nenos. Unha alumna con escolarización combinada acudindo o noso centro 2 días a semana. A maioría deles son de continuidade no centro. Son alumnos activos e imaxinativos que experimentan un desenvolvemento cognitivo, afectivo e psicomotriz normal.

Neste nivel encontrámonos con alumnos moi diferentes, procedentes de contextos socioculturais dispares, presentando aptitudes moi diversas e levando a cabo unha mellor ou peor disposición cara a aprendizaxe.

O 4º nivel de Educación Primaria está composto por 49 alumnos e alumnas distribuídos en dous grupos. Temos dúas alumnas e un alumno novos este curso. Todos son nenos e nenas activos e imaxinativos que experimentan un desenvolvemento cognitivo, afectivo e psicomotriz dentro da normalidade.

Neste nivel encontrámonos con alumnado moi diferente, procedente de contextos socioculturais dispares, presentando aptitudes moi diversas e levando a cabo unha mellor ou peor disposición cara a aprendizaxe.

Neste curso 2022/2023 existen unha serie de alumnos/as que presentan diferentes necesidades educativas:

Aspectos relevantes a ter en conta no alumnado	Nº de alumnos/as				TOTAL
	3º curso		4º curso		
	Grupo				
	A	B	A	B	
NEE ou NEAE	4	3	4	5	16
Nova incorporación	-	-	2	1	3
Alerta escolar	3	0	1	1	5
Repetición de curso	0	0	-	-	0
Retraso escolar	-	-	0	0	0
Déficit de atención	1	0	2	1	4
dislexia	0	0	-	-	0
Áreas pendentes	2	1	1	1	5
Descoñemento das linguas oficiais	1	0	0	0	1
Dificultades na linguaxe	-	-	2	4	6

10.2.6. Avaliación e criterios de cualificación

	Traballo diario	Probas (orais e/ou escritas) para coñecer o grao de adquisición e dominio dos contidos ao longo do curso	Actitude e interese
2º ciclo EP	30%	70%	Non avaliable, pero serán tidos en conta a hora de avaliar
Valoración	<ul style="list-style-type: none"> • A realización de todas as actividades propostas. • traballo, limpeza, orde e claridade das tarefas. • A correcta contestación aos exercizos/actividades practicas e a súa axeitada corrección. • A participación nas actividades de aula tanto individualmente como en grupo. • A entrega a tempo das actividades extraescolares tendo en conta as directrices marcadas pola/o docente da área. 		<ul style="list-style-type: none"> • A actitude positiva cara o traballo favorece a adquisición de coñecementos. • O interese cara a área, a escoita atenta (sen interrupcións) a participación activa e respectuosa constitúe o primeiro paso cara a aprendizaxe.

Promoción ao finalizar o 2º ciclo de EP.

A promoción ou non dun/ha alumno/a decídease conxuntamente o equipo docente, oído o equipo do Departamento de Orientación, en reunión de avaliación e por criterios pedagóxicos, sendo informada a familia desta medida e tendo especial consideración os aspectos indicados pola/o titora/r, segundo lexislación vixente.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas.

10.2.7. Actividades complementarias e extraescolares

No segundo ciclo as actividades complementarias e extraescolares son as que se detallan a continuación:

Actividades nas que participa o conxunto do centro educativa de xeito grupal:

- Magosto
- Nadal
- Entroido
- Letras Galegas
- Proxecto educativo: Música.

Actividades nas que participamos de xeito específico:

- Día da Paz
- Día da Muller Traballadora
- Día do Libro
- Día do Medio Ambiente

Ademais, realizarmos outro tipo de actividades complementarias ao longo do curso escolar. As propostas son:

- Museos da contorna: Museo de Historia Natural, MUPEGA, CGAC, Cidade da Cultura, etc.
- Actividades e andainas pola contorna: Brañas do Sar e outras zonas verdes próximas ao centro educativo.
- As ofrecidas dende o Auditorio de Galicia, Sargadelos, Fundación Abanca, Oficina do Consumidor,...
- Consideraranse todas aquelas que sexan ofertadas ao centro dende diferentes organismos e institucións e que sexan propicias para o ciclo.
- Como saída de final de curso valórase a idea de realizar unha xornada de convivencia á granxa escola de Bergondo, en Negreira. De non ser posible, estudaremos outras opcións de similares características.

Cómpre subliñar, que esta listaxe é aberta e flexible; polo tanto ao longo do curso valoraremos diferentes posibilidades en función das características e implicacións das mesmas e tendo en conta os intereses e características dos nosos alumnos/as.

10.3. Programación 3º ciclo Educación Primaria

10.3.1. Profesorado do equipo docente

Titorías	Áreas	Nivel	Grupo
Carmen Martínez Bestilleiro	Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais e Proxecto Competencial	5º	A
Elena Otero Román	Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega, Ciencias Naturais, Ciencias Sociais e Proxecto Competencial	5º	B
Mª Lourdes Antelo Rodríguez	Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega e Proxecto Competencial	5º	C
M.ª Teresa Castro Parga	Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais	6º	A
José Luis Feijóo Blanco	Matemáticas, Lingua Castelá, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais	6º	B
Fernando Fafián Lema	Lingua Galega e Educación en Valores Sociais e Cívicos	6º	B

Equipo Docente	Especialidade / Materia da área que imparte	Nivel	Grupo
Juan Carlos Mato Rodríguez	Relixión católica	5º	A, B e C
M.ª Teresa Castro Parga	Proxecto Competencial	5º	B
Rosa Mª Vicente Álvarez	Ciencias Naturais e Ciencias Sociais	5º	C
Mª Teresa Garabal Sánchez	Relixión católica	6º	A e B
Daniel Sanmartín Soto	Libre Configuración de Centro - francés en 6º	6º	A e B
Fernando Fafián Lema	Lingua Galega e Educación en Valores Sociais e Cívicos	6º	B
Elena Otero Román	Sección Bilingüe: Materia de Plástica da Área de Educación Artística	5º e 6º	A, B e C
Fernando Fafián Lema	Música	5º e 6º	A, B e C
Mª José Jorge García	Inglés	5º e 6º	A, B e C
Jesús Lojo Dávila	Educación Física	5º e 6º	A, B e C

Docente de apoio ás NEE e NEAE	Especialidade
Lucía Flora López Pérez	Pedagogía Terapéutica
Lourdes Carnero Carneiro	
Mª Socorro Pérez Martínez	Audición e Linguaxe
Lucía Cazás Rosende	

10.3.2. Contextualización

Centro de Educación Infantil e Primaria emprazado nun contexto urbano que conta cunha importante porcentaxe de familias procedentes doutros países.

As aulas están situadas no último andar do edificio que conta cuns aseos de fácil acceso para o alumnado.

Sendo este un Centro E-Dixgal, catro das aulas están dotadas do material que este proxecto aporta para o desenvolvemento da actividade escolar. Estamos á espera de que doten unha quinta aula.

O alumnado deste nivel participa tamén do proxecto Sección bilingüe, coa impartición da Plástica en lingua inglesa, para o que, ademais dun profesor de inglés do centro contan cada ano coa colaboración dunha persoa nativa.

Sinalar a baixa porcentaxe de uso da Lingua Galega. Este aspecto foi sinalado en diferentes ocasións e está a ser un dos temas a tratar de xeito prioritario para paliar as consecuencias que isto comporta na formación do noso alumnado.

Neste curso escolar 2022/2023, o ciclo conta co seguinte alumnado:

Nivel	Grupo	Alumnado
5º	A	18
5º	B	18
5º	C	19
6º	A	25
6º	B	25
Alumnado total do 3º Ciclo de EP		105

Neste curso 2022/2023 existen unha serie de alumnos/as que presentan diferentes necesidades educativas:

Aspectos relevantes a ter en conta no alumnado	Nº de alumnos/as					TOTAL
	5º curso			6º curso		
	Grupo					
	A	B		A	B	
Relixión Católica	4	10	6	7	11	38
Proxecto Competencial e Educación en Valores Cívicos e Sociais	14	8	13	18	13	66
Comedor	11	11	5	9	6	42
Recolle a familia ou ten permiso para saír so camiño da casa	2	1	1	7	15	26
Transporte	5	6	4	12	3	30

Características psicoevolutivas do alumnado de 3º ciclo de educación primaria.

Alcanzan o estadio de operacións formais, o que supón para eles a posibilidade de manexar conceptos sen necesidade de relacionalos directa e concretamente coa experiencia sensible. Son capaces, polo tanto de xeneralizar as aprendizaxes adquiridas e relacionalas con situacións alleas á súa realidade. Traballan rigorosamente coa linguaxe dos símbolos sen necesidade de referencias empíricas.

Realizan deducións lóxicas. Elaboran coñecementos sistemáticos, podendo levar a cabo experimentacións curtas e de execución non excesivamente complexa. Manexan conceptos mensurables de espazo e tempo.

Dominan perfectamente a linguaxe verbal, o que lles permite, á súa vez, organizar axeitadamente o pensamento mediante as súas funcións de comunicación, representación e regulación de condutas. Son capaces de reflexionar sobre a súa propia actividade en todas as ordes e tamén nos novos contidos que van adquirindo. Así, poden afondar en coñecementos teóricos (sobre lingua, matemáticas, ciencias, etc.) antes inalcanzables. Desenvólvense fisicamente de forma importante, polo que continúa sendo decisivo para eles o exercicio físico, o deporte, os xogos... Continúan independendizándose dos adultos, resultando fundamental para iso a súa inclusión en grupos de iguais. Colaboran co profesorado nos seus traballos de aula sen maiores dificultades.

Son sensibles aos estímulos dos demais, polo que é un momento educativo de grande interese para espertar as actitudes positivas en función da súa formación futura e integración social apropiada. Desenrolan estreitos lazos de amizade entre compañeiros. Evolucionan gradualmente cara a posicións superiores de autonomía ético-moral, con criterios propios para xulgar as súas actuacións persoais. Crean, paulatinamente, o seu autoconceito, mediante a valoración da súa imaxe ante si mesmos e ante os iguais; para iso ten grande importancia o concepto que os adultos (o profesorado, neste caso, é decisivo) teñen deles e póñeno de manifesto.

10.3.3. Obxectivos e plan de traballo do equipo docente

- Adecuar os obxectivos e os contidos do ciclo ás necesidades reais dos nenos e nenas.
- Comprobar (seleccionar, ampliar...) que os contidos se axusten á concreción curricular das distintas áreas.
- Solicitar a colaboración e o asesoramento do Departamento de Orientación na busca de solucións para os problemas ou as dificultades dos nenos na súa aprendizaxe.
- Tratar de que o alumnado que o precise, reciba o reforzo necesario nas áreas instrumentais cando non acaden os obxectivos recollidos nas programacións.
- Buscar novos recursos e materiais para traballar os diferentes contidos do nivel e rendabilizar ao máximo os xa existentes.
- Realizar reunións de nivel coa finalidade de coordinar a nosa tarefa educativa e compartir as nosas experiencias dentro da aula.
- Realizar, ademais das reunións que están contempladas no calendario do centro, todas aquelas que sexan precisas segundo as necesidades que vaian xurdindo coa fin de comentar e tentar solucionar todo o que afecte á actividade escolar.

- Realizar unha reunión cos pais/nais/titores legais no mes de setembro/outubro e todas as que se consideren oportunas ao longo do curso. Nesta primeira ocasión farase fincapé na importancia de seguir as indicacións sanitarias.
- Revisar os distintos documentos e todas as actividades relacionadas coa avaliación, a relación coas familias... Ademais, analizarase e procurárase continuar a partir das variacións realizadas nas adaptacións curriculares de cuarto curso de primaria, realizadas como consecuencia da pandemia.
- Colaborar nas actividades de coñecemento (base do aprecio, respecto e coidado) da natureza da contorna participando no Proxecto de Voz Natura e nas actividades do Concello.
- Participar no desenvolvemento das actividades propostas polos distintos equipos de traballo: Biblioteca, Dinamización da Lingua Galega, Actividades Complementarias e Extraescolares, etc., sempre en cando a situación COVID sexa favorable.
- Implementar as actividades propostas no Plan Lector Anual adaptadas ao nivel e, neste contexto decidir un título en lingua galega por nivel para a súa adquisición polo alumnado e realizar a súa lectura colectiva, organizar algún encontro con persoas que participen no proceso de creación dun libro (escribir, ilustrar), establecer un tempo diario para a lectura na aula. Fixar unha hora semanal para que cada grupo acuda á Biblioteca do centro e nela realizar actividades relacionadas coa formación de usuarios, coa comprensión e expresión verbal escrita así como co fomento do gusto pola lectura (en papel ou soporte audiovisual e informático) como fonte fundamental de formación e lecer, crear nas aulas unha Biblioteca (con aportacións dos propios alumnos, da mestra ou da Biblioteca do centro) procurando que conte con libros informativos, narrativos, de poesía, de banda deseñada, revistas, etc.
- Realizar nas aulas e no espazo común do corredor exposicións de libros relacionados cos diferentes centros de interese presentes no currículo do nivel.
- Participar nas actividades que se realicen a nivel de centro tanto as relacionadas con conmemoracións, tradicións, celebracións, etc.
- Participar no deseño e desenvolvemento das actividades do Proxecto de Centro.
- Continuar coa progresiva introdución das TICs na actividade diaria das aulas: en tarefas expositivas, na procura e selección de información, na execución das boas prácticas na utilización de materiais alleos e na realización de traballos propios, ben dirixidos, ben de libre iniciativa.
- Desenvolver valores relacionados con: a tolerancia e o respecto, as normas de cortesía, a solidariedade entre compañeiros, a capacidade de traballar en grupo, o respecto á contorna e o coidado medioambiental da casa común, a Terra.

10.3.4. Medidas de Atención á diversidade

A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa adecuada atención é un dos piares básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais, que deben ser satisfeitas.

Aspectos relevantes a ter en conta no alumnado	Nº de alumnos/as					TOTAL
	5º curso			6º curso		
	Grupo					
	A	B	C	A	B	
NEE e NEAE	4	2	2	5	4	17

Porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. O profesor ou a profesora será o que decida o momento e o tipo de actividade que se precisa para cada neno ou nena, dependendo do obxectivo que queiramos recuperar ou reforzar.

Se algún alumno ou alumna o precisa, acudirse ao departamento de Orientación na procura de axuda e asesoramento. Unido a todo isto, tamén se traballará con apoios específicos na aula, coa colaboración do profesorado de apoio na atención a alumnado con necesidades educativas especiais. Estes apoios terán en conta os casos individuais e a integración dos mesmos no traballo da aula.

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remata antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO, e traballarase na comunicación facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil.

10.3.5. Avaliación e criterios de cualificación

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Referente	Criterios
1. Traballo autónomo (aula, outros espazos).	<ul style="list-style-type: none"> • Grao de adquisición de aprendizaxes. Realización do 60 % das actividades propostas. • Revisión do traballo antes de dalo por finalizado. • Valoración do traballo diario.
2. Probas orais e escritas.	<ul style="list-style-type: none"> • Valoración da aprendizaxe dos contidos. • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. • Caligrafía lexible.
3. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de resposta).	<ul style="list-style-type: none"> • Mensaxe estruturada. • Uso de vocabulario apropiado. • Esfuerzo. • Interese.
4. Traballo cooperativo. Valoración individual e en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballo cooperativo. • Grao de comunicación cos compañeiros e cos compañeiras. • Autoavaliación.
5. Arquivo ou caderno de traballo individual.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación clara e ordenada. • Actualizado. • Razoamento da selección das producións que forman o arquivo

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das competencias do alumno do terceiro ciclo de EP, a través de todas as actividades que leve a cabo.

Criterios de cualificación.

	Probas escritas, orais, tipo test, observación directa	Traballo realizado na aula
3º ciclo de EP	70%	30%

Promoción.

A promoción ou non dun/ha alumno/a decídease conxuntamente o equipo docente, oído o equipo do Departamento de Orientación, en reunión de avaliación e por criterios pedagóxicos, sendo informada a familia desta medida e tendo especial consideración os aspectos indicados pola/o titora/r.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas.

10.3.6. Actividades complementarias e extraescolares

As actividades programadas para este ciclo están recollidas na programación do departamento de actividades complementarias e extraescolares. Propóñense actividades relacionadas cos contidos que motiven e complementen as aprendizaxes, e que favorezan as relacións sociais. Os alumnos e alumnas participarán nas actividades programadas polos distintos equipos do centro, sempre que sexan consideradas de interese para o seu desenvolvemento académico e socio-cultural, tanto no centro como fóra del.

En relación ás actividades fóra do centro prevese (cando menos) a realización de unha saída trimestral e unha a final de curso. Os eixos ao redor dos que se organizarán as mesmas, á marxe dos implícitos aspectos lúdicos e relacionais, serán:

- O coñecemento e coidado do medio ambiente, en especial con relación aos espazos da nosa contorna.
- O fomento da afección polas manifestacións artísticas: literatura, cine, teatro, música...
- O achegamento ao coñecemento científico.

No contexto exposto barállanse: Actividades nas Brañas do Sar, Parque Eugenio Granell, Aula da natureza Parque Belvís, estación de depuración de augas de Compostela, asistencia a espectáculos de teatro, cine, música nos diversos espazos culturais de Concello de Santiago, visitas ao Museo de historia Natural Luís Iglesias, ao Museo do Pobo Galego, etc.

Aqueloutras que poidan ser de interese e que xurdan ó longo do curso.

Dentro do centro educativo contémpanse diferentes actividades complementarias e extraescolares de carácter conmemorativo.

A celebración de actividades conmemorativas con carácter grupal:

- Magosto
- Nadal
- Día da Paz
- Entroido
- Letras Galegas
- Proxecto educativo de centro desde ano académico é A música
- Actividades conmemorativas que os equipos de coordinación do centro nos remitan.
- Outras que poidan xurdir

Días conmemorativos:

- 20 de novembro de 2022: Día Universal de la Infancia.
- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra la Violencia de Género.
- Del 30 de novembro al 7 de diciembre de 2022: conmemoración de la Constitución y del Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de diciembre de 2022: Día Internacional de las Personas con Discapacidad.
- 10 de diciembre de 2022: Día de la Declaración Universal de los Derechos Humanos.
- 24 de enero de 2023: Día Internacional de la Educación.
- 30 de enero de 2023: Día Escolar de la no Violencia y de la Paz.
- 23 de febrero de 2023: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional de la Mujer.
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial de los Derechos del Consumidor.
- Del 6 al 10 de marzo de 2023: Semana de la Prensa. Un día de esta semana se trabajará en el aula con periódicos.
- 1 de abril de 2023: Día de las Artes Gallegas.
- 7 de abril de 2023: Día Mundial de la Salud.
- Entre el 17 y el 21 de abril de 2023: Semana del Libro.
- 2 de mayo de 2023: Día Internacional contra el Acoso Escolar.
- 9 de mayo de 2023: Día de Europa.
- Del 15 al 19 de mayo de 2023: Semana de las Letras Gallegas.
- 5 de junio de 2023: Día Mundial del Medio Ambiente.
- De conformidad con lo establecido en el artículo 26.2 de la Ley 2/2014, de 14 de abril, por la igualdad de trato y la no discriminación de lesbianas, gays, transexuales, bisexuales e intersexuales en Galicia, para favorecer la visibilidad e integrar de forma transversal la diversidad afectivo-sexual, los centros docentes sostenidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas a las fechas de celebraciones internacionales relacionadas con el reconocimiento efectivo del derecho de estas personas.

11. LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

Curso	Materia	Título libro	Editorial	Idioma	Edixgal	ISBN
4 educación infantil	Globalizado	Croqueta 3 anos. Editorial	Edelvives (1º e 3º trimestres)	castelán	non	1º tri. 9788414015803 3º tri. 9788414018101
4º educación infantil	Lingua Inglesas	Daisy, Robin & >Mr Star. Green Class	Book Pk/ed. Oxford	Inglesa	non	9780194806626
5º educación infantil	Globalizado	Croqueta 4 anos.	Edelvives 1º e 3º trimestres)	Galega	Non	1º tri. 9788490463840 3º tri. 7988490463864
5º educación infantil	Lingua Inglesa	Daisy, Robin & Me A. Gren Class	Book Pk 2015/Ed. Oxford	Inglesa	Non	97801294806435
6º educación infantil	Globalizado	Croqueta 5 anos	Ed. Edelvives	Galega	Non	3º tri. 9788490463956
6º educación infantil	Língua Inglesa	Daisy, Robin & Me B. Green Class	Book Pk 2015/Ed. Oxford	Inglesa	Non	9780194806534
1º primaria	L. Castellana	Proyecto Construyendo Mundos Primeros pasos	Ed. Santillana 2022	Castelá	Non	9788468071602
1º primaria	L Castellana	Comprensión Lectora	Ed. Santillana 2022	Castelá	Non	9788468023243
1º primaria	Matemáticas	Proyecto Construyendo mundos Mochila Ligera	Ed. Santillana 2022	Castelá	Non	97788468071312
1º primaria	Lingua Galega	Proxecto: FanFest. Lingua Galega e Literatura	1º tri. de. Tambre Edelvives 2022	Galega	Non	9788490464175
1º primaria	Ciencias Sociais	Proxecto. FanFest. Ciencias Sociais	de. Tambre, Edelvives 2022	Galega	non	9788490465226
1º primaria	Ciencias da Natureza	Proxecto: FanFest. Ciencias Naturais 1	de. Tambre, Edelvives 2022	Galega	Non	9788490464182
1º Primaria	Relixión	Religión Católica 1	Ed. Vicens Vives 2022	Castelá	Non	9788468283159
1º primaria	L. Inglesa	All About Us Now 1 Class Book With Digital	Book/ Ed. Oxford	Inglesa	Non	9780194074223

Curso	Materia	Título libro	Editorial	Idioma	Edixgal	ISBN
2º primaria	L. Castellana	2º EP Lengua Más Savia 18	ed. SM	Castelá	Non	9788491076308
2º primaria	L. Castellana	Comprensión Lectora	Ed. Santillana	Castelá	Non	9788468012926
2º primaria	Matemáticas	2º EP Matemáticas Más Savia 18	Ed. SM	Castelá	Non	9788491077671
2º primaria	Lingua Galega/Sociais e Naturais	Xuntos	2º Ed. Anaya	Galega	Non	1º tri. 9788467877175 2º tri. 9788467877182 3º tri. 9788467877199
2º primaria	L. Inglesa	All About Us 2 Class Book/ MC Ocete, Really &M. Peñate	Ed. Oxford 2018	Inglesa	Non	9780194562362
2º Primaria	I. Inglesa	All About Us 2 Activity Book MC ocete, V Reilly&M. Peñate	Ed. Oxford 2018	Inglesa	Non	9780194562195
2º Primaria	Relixión	Religión Católica 2º Nuestra Casa	Ed. SM	Castelá	Non	9788491076476
3º primaria	Lingua	Revoa	Ed. SM Xerme, 23022	Galega	Non	9788498548730
3º primaria	L. Castellana	Revuela	Ed. SM Xerme 2022	Castelá	non	9788413924830
3º primaria	Matemáticas	Proyecto Construyendo mundos	Ed. Santillana 2022	Castelá	Non	9788468071367
3º primaria	Ciencias Sociais	Proxecto Construindo Mundos	Ed. Obradoiro Santillana 2022	Galega	Non	9788491854166
3º primaria	Ciencias da Natureza	Proxecto Construindo mundos	Ed. obradoiro Santillana 2022	Galega	Non	9788491854104
3º primaria	Relixión	Religión Católica 3	Ed. Vicens Vives, 2022	Castelá	Non	9788468283166
3º primaria	L. Inglesa	All About Us Now 3 Clas Book with Digital Book	Ed. Oxford	Inglesa	Non	9780194074650
3º primaria	L. Inglesa	All About Us Now 3 Activity Book with Digital Book	Ed. Oxford	Inglesa	Non	9780194073844
4º primaria	Lingua	Lingua 4 Aprender é crecer en conexión	Ed. Anaya 2015	Galega	Non	9788467880137

Curso	Materia	Título libro	Editorial	Idioma	Edixgal	ISBN
4º primaria	L. Castellana	Lingua 4 Aprender é crecer en conexión	Ed. Anaya 2015	Castelá	Non	9788467878899
4º primaria	Matemáticas	Matemáticas 4 Aprender é crecer en conexión	Ed. Anaya 2015	Castelá	Non	9788467877816
4º primaria	C. Naturais	C. Naturais 4 Aprender é crecer en conexión	Ed. Anaya 2015	Galega	Non	9788467880175
4º primaria	C. Sociais	C. Sociais 4 Aprender é crecer en conexión	Ed. Anaya 2015	Galega	Non	9788467880212
4º primaria	Relixión	Hola, Jesús	Ed. S.M. 2012	Castelá	Non	9788467553802
4º primaria	L. Inglesa	Rooftops Class Book Sarah Phillips, Suzanne Torres&Paul Shipton		Inglesa	Non	9780194503518
4º Primaria	L. Inglesa	Rooftops Class Book Helen Casey&Paul Shipton/2015		Inglesa	Non	9780194503525
5º primaria					Si	
6º primaria					si	

Cada nivel solicita, ademais, material funxible e outros recursos de papelería que poida precisar durante o curso. Este material está exposto, así como os libros de texto, na páxina web do centro educativo (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramoncabanillas/?q=node/1599> e <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramoncabanillas/?q=node/1605>).

12. PLAN ANUAL DE LECTURA

- Tendo como referente o proxecto lector:

Este Plan Anual de Lectura foi elaborado polo Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar como unha concreción de obxectivos e actividades a curto prazo para o desenvolvemento do noso Proxecto Lector de Centro.

A súa redacción foi levada a cabo tendo presentes tanto os obxectivos recollidos no devandito proxecto lector es instrucións publicada pola Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia para o presente curso.

Obxectivos:

- Organizar o uso da biblioteca como recurso dinamizador para o desenvolvemento do noso proxecto integrado de centro 'A música' e de cada unha das áreas curriculares.
- Continuar dinamizando o uso da mesma como espazo de lectura de ocio e informacional e implicar a toda a comunidade educativa.
- Continuar coa catalogación dos fondos existentes e de nova adquisición dun modo axeitado empregando o programa MEIGA e en base á CDU simplificada e continuar o sistema de préstamo informatizado.
- Regular a actualización de fondos, priorizando os de consulta, debido ao traballo acumulado neste eido.
- Adecuar o espazo e mobiliario ás necesidades que xurdan no uso da Biblioteca Escolar.
- Continuar co deseño e posta en práctica de actividades graduadas de formación de usuarias e usuarios autónomos da biblioteca a través de presentacións e infografías.
- Continuar co deseño e posta en práctica de actividades de animación á lectura.
- Contribuír á eliminación de barreiras no acceso á cultura dos membros máis desfavorecidos da nosa comunidade escolar.

Equipo:

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Estefanía Lamas Liste	2 horas	EI
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
M ^a Carmen Penide Mareque		EI
Pilar Puente Mosquera		EI
Manuela T. Lojo Rocamonde		EP
Cristina Martínez Penas		EP
Raquel Cuervo Cazurra		LE (INGLÉS)

- Medidas a desenvolver a partir do establecido no proxecto lector.

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Xestión técnica e organización	Curso académico	Equipo	Equipo
Animación á lectura	Curso académico	Titorías	Equipo
Sección infantil nas aulas	Curso académico	Titorías	Coordinadora do equipo e apoio
Hora de ler	Curso académico	Titorías	Equipo

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Mochilas (EP) e bolsas (EI) viaxeiras	Curso académico	Titorías	Equipo
Cofres de patio	Curso académico	Profesorado responsable do patio	Coordinadora do equipo e apoio
Cofres de aula	Curso académico	Titorías	Equipo
Prestamo de fondos	Curso académico	Profesorado	Equipo
E ti, que les?	Curso académico	Titorías	Equipo
Apoio ao desenvolvemento do PDI “A música”	Curso académico	Profesorado	Equipo
Promoción de novidades en colaboración co EDLG	Curso académico	Profesorado	Coordinadora e Biblioteca e Coordinador de EDLG
Formación de usuarios/as e educación documental	1º trimestre	Titorías	Coordinadora do equipo e apoio
VII Xornadas Pasámolo de Medo no Samaín	1º trimestre	Titorías	Equipo
Recitais poéticos no Día de Rosalía e no Día da Poesía en colaboración co EDLG	2º Trimestre	Profesorado	Coordinadora e Biblioteca e Coordinador de EDLG
Encontros con escritores/as e/ou ilustradores/as	2º e 3º Trimestre	Profesorado	Equipo
Lecturas compartidas en colaboración co EDLG	2º e 3º Trimestre	Profesorado	Coordinadora e Biblioteca e Coordinador de EDLG
Recuperación dos Xoves de conto	2º e 3º Trimestre	Profesorado de garda	Coordinadora e Biblioteca e ANPA
Elaboración de contos viaxeiros	2º e 3º Trimestre	Titorías	Equipo

13. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL

- Constitución do equipo

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Rosario Villar Rodríguez	2 horas	EP
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
Eva María Mouro García		EP
María Begoña Ballesteros Furones		EP
María Lourdes Antelo Rodríguez		EP
María José Fidalgo Torreira		LE (Inglés)
María José Rodríguez Ordóñez		EI
Nieves Mariño Fraga (apoyo ao equipo)		EI
Rosa María Vicente Álvarez		EP
Lucía Cazás Rosende		AL

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo 1: Actualizar a páxina Web do centro			
Acción 1	Formación docente sobre a páxina Web do centro educativo		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - O profesorado implicado coñece, establece e utiliza apartados concretos da Web: administración, divulgación e actividades. - O profesorado implicado recibe formación sobre as páxinas Web dinámicas. 		
Responsables	O profesorado participante na formación e que pertence ao equipo.		
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> - Formación externa e interna do centro. - A Web actual do centro e os posibles formatos que interesen segundo criterios establecidos previamente nas reunións de formación. 		
Acción 2	Actualizar a páxina Web do centro educativo.		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - O profesorado implicado establece as actividades a realizar para levar a cabo os cambios á nova páxina Web. - O profesorado implicado, en parellas, realiza os cambios, mentres conviven as dúas Webs. 		
Responsables	O profesorado participante na formación e que pertence ao equipo.		
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> - Formación externa e interna do centro. - A Web actual do centro e os posibles formatos que interesen segundo criterios establecidos previamente nas reunións de formación. 		

Obxectivo 2: Establecer un uso razoable da Aula Virtual para o claustro docente			
Acción 3	Compartir a experiencia persoal/profesional co uso das Aulas Virtuais tanto en EI, EP, DO, etc.		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - O profesorado implicado comparte a súa experiencia na procura dun consenso razoable do uso que podemos facer das aulas virtuais nunha formación presencial e obrigatoria. 		
Responsables	O profesorado participante na formación e que pertence ao equipo.		
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> - Aulas virtuais. - Uso e conservación. - Actualización. Formación básica de Moodle. 		

Obxectivo 3: Coñecer e utilizar ferramentas de edición de audio e vídeo para a creación de podcasts e audiovisuais dentro do contexto de Radio Furelo e da emisión Xa cho dixo Esther			
Acción 4	Compartir a experiencia persoal/profesional na edición de audio e vídeo. Dar a coñecer estas ferramentas ao profesorado e alumnado interesado.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - O profesorado implicado utiliza e colabora co resto do profesorado na utilización de ferramentas de edición de audio e vídeo. - O profesorado implicado colabora para subir material á Web do centro e as aulas virtuais. 		
Responsables	O profesorado participante na formación e que pertence ao equipo.		
Recursos e materiais	<ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas de edición de audio. - Ferramentas de edición de vídeo. - Formación básica de Moodle. 		
Acción 5	Espazo Radio Furelo.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	- Crear e dinamizar un espazo insonorizado para Radio Furelo.		
Responsables	O profesorado participante na formación e que pertence ao equipo.		
Recursos e materiais	- Material Polos Creativos.		
Acción 6	Espazo TV Furelo.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	- Crear e dinamizar un espazo croma e de audiovisuais para TV Furelo.		
Responsables	O profesorado participante na formación e que pertence ao equipo.		
Recursos e materiais	- Material Polos Creativos.		
Acción 7	Espazo Experimentación.		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	- Crear e dinamizar un espazo de experimentación Ramón cabanillas.		
Responsables	O profesorado participante na formación e que pertence ao equipo.		
Recursos e materiais	- Material Polos Creativos.		

14. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Horta escolar	Curso completo	Todos	Titorías e apoio educativo
Xogos de lecer	Curso completo	Todos	Responsables do tempo de lecer e de biblioteca
Tempo libre de pantallas	Curso completo	5º e 6º EP	Responsables do tempo de lecer e de biblioteca: recreos de mañá e comedor
Cofres de patio	Curso completo	Todos	Profesorado de garda no patio e equipo biblioteca

15. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

15.1. Resultados da enquisa sobre a lingua predominante en educación infantil

No mes de xuño entregóuselle unha enquisa ás familias do alumnado que se matriculaba no centro en 4º de Educación Infantil para que nos fixeran saber cal era a lingua materna na que se desenvolvían os nenos e as nenas. Na etapa de Educación Infantil no nivel de 3 anos, unha vez feita a consulta constatamos que, segundo as familias:

- 10 teñen o Galego como lingua materna.
- 19 teñen o Castelán como lingua materna.
- 12 teñen as dúas linguas de forma simultánea.

Ao non ser vinculante esta enquisa para a elección da lingua, decidiuse empezar falándolles na lingua na que se expresen os nenos/as e ir introducíndolles a segunda lingua.

15.2. Constitución do equipo de Dinamización de Lingua Galega

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/Especialidade
Daniel Sanmartín Soto	1 hora	EP
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/Especialidade
Carmen Fernández Cacho		EP
Josefa Vigo Lancho		EP
Jesús Lojo Davila		EF
María José Jorge García		EI

15.3. Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso anterior e propostas de mellora para o curso seguinte

En xeral, o anterior equipo EDLG estivo satisfeito co grao de desenvolvemento e consecución dos obxectivos formulados a principios do curso 21/22 na Programación Xeral Anual (PXA). Considerouse que se foron acadando, en maior ou menor medida, para o que foi preciso o traballo coordinado na mesma dirección e a implicación de todo o persoal docente e non docente do centro, así coma do propio alumnado e as súas familias. O proxecto do curso anterior "Conciencia-T en galego" tamén serviu de eixe para o fomento da nosa lingua a nivel de centro.

No tocante a este curso 2022-2023, consideramos que é preciso seguir coas actuacións que se veñen desenvolvendo no centro e tentar unha proposta nova, a maiores, co obxectivo de fomentar a lingua galega, o seu uso e a súa cultura entre o alumnado. Pretendemos conseguilo a través dunha sección nova: "Xa o di Esther" baseada nos episodios "Digocho eu" de Esther Estévez. Consideramos que o enfoque lúdico e dixital pode enganchar ao alumnado. Ademais, tamén estamos anotados, algunhas aulas, ao propio concurso do Digochoeu.gal, de saírmos seleccionados Esther e o seu equipo virían a gravar ao centro unha das propostas que lle mandamos.

15.4. Actividades que se van a desenvolver ao longo do curso para o fomento e dinamización da lingua galega

Obxectivo 1: Participar en accións comúns do centro educativo relacionadas coa lingua			
Acción 1	Radio Furelo		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 7 titorías	2º T <input checked="" type="checkbox"/> 6 titorías	3º T <input checked="" type="checkbox"/> 6 titorías
Indicador	100% de participación (titorías) na reparación e gravación de audios en galego		
Responsables	Titorías e EDLG		
Recursos e materiais	Audacity e Web do centro.		

Obxectivo 2: Motivar ao alumnado a través do desenvolvemento dunha actividade lúdica en galego			
Acción 2	Concurso Digocho eu		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Participación dalgunha titoría		
Responsables	Titores, EDLG		
Recursos e materiais	CRTVG, equipo de Esther Estévez		

Obxectivo 3: Concienciar na tradición e cultura galega como cultura e lecer			
Acción 3	Samaín		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	80% de participación do alumnado e profesorado		
Responsables	Titores, EDLG, Biblioteca, Extraescolares		
Recursos e materiais	Libros, Unidades Didácticas, Conta contos		

Obxectivo 4: Concienciar na tradición e cultura galega como cultura e lecer			
Acción 4	Magosto		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	100% de participación do alumnado e profesorado. Participación da ANPA no desenvolvemento da castañada		
Responsables	Titores, EDLG, Extraescolares, Ed. Física		
Recursos e materiais	Unidades Didácticas, xogos populares, castañada		

Obxectivo 5: Fomentar o uso da lingua e da cultura galegas entre o alumnado a través do seu uso na actualidade			
Acción 5	"Xa o di Esther"		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	50% de implicación das titorías e 25% das especialidades na reparación e gravación		
Responsables	Titores, EDLG		
Recursos e materiais	Vídeos curtos, edición de vídeos, Web do centro		

Obxectivo 6: Coñecer e comprender a importancia desta autora no desenvolvemento na lingua e cultura de Galicia .			
Acción 6	Día de Rosalía de Castro		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	80% de implicación das titorías e 50% das especialidades		
Responsables	Titores, EDLG, Biblioteca		
Recursos e materiais	Unidades Didácticas, libros, actividades interactivas		

Obxectivo 7: Concienciar en tradición, orixe, historia, cultura, literatura, movemento social e lingua galega			
Acción 7	Día das Letras Galegas		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	100% de implicación das titorías e 50% das especialidades		
Responsables	Titores, EDLG, Extraescolares, Biblioteca		
Recursos e materiais	Unidades Didácticas, libros, actividades interactivas		

15.5. Modificacións na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación

O CEIP Ramón Cabanillas desenvolve a 1ª lingua estranxeira en inglés. Ten autorizada a material de libre configuración de centro para 6 curso en Francés para o curso 2022/23.

Ademais, conta coa autorización de Inspección Educativa para impartir en lingua inglesa, na modalidade de Sección Bilingüe, a materia de Plástica da área de Educación Artística para 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

16. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL

16.1. Constitución do DO

Nome Xefe/a	
Mª Mercedes Santiso Pérez (substituta: Sandra Rosa Pazos Bello)	
Nome membros	Nivel/Especialidade
Mª Socorro Pérez Martínez	Audición e Linguaxe
Lourdes Carnero Carneiro	Pedagogía Terapéutica
Lucía Flora López Pérez	Pedagogía Terapéutica
Lucía Cazás Rosende	Audición e Linguaxe
Marco Antonio Lugrís Beteta	Coidador
José Pereira Paredes	Coidador
Henar Bello Seoane	Educación Infantil
Eva Mouro García	1º ciclo de E. Primaria
Ana Cristina Martínez Penas	2º ciclo de E. Primaria
María Teresa Castro Parga	3º ciclo de E. Primaria

16.2. Análise da situación de partida e valoración das necesidades con relación ao tipo de alumnado e á oferta educativa do centro.

O CEIP Ramón Cabanillas no curso pasado atendeu a 63 nenos/as con necesidade específica de apoio educativo moi diverso, podendo distinguir varios grupos::

- Alumnado con necesidade específica de apoio educativo relacionada con discapacidade cognitiva, TEA, hipoacusia, atraso da linguaxe, altas capacidades, TDAH, atraso psicomotor ,trastornos específicos da aprendizaxe. Dous alumnos contaron con modalidade de escolarización combinada.
- Alumnado con problemas de conduta en educación primaria.
- Alumnado con NEAE por condicións persoais.
- Alumnado de incorporación tardía que coñece a lingua castelá que presenta desfase curricular.
- Alumnado procedente do estranxeiro que presenta dificultades na adquisición das dúas linguas oficiais.
- Alumnos e alumnas en situación de risco social. Con este alumnado lévase a cabo un seguimento e coordinación en colaboración cos Servizos Sociais do Concello, máis concretamente co programa de Educación Familiar.

Para atender a diversidade do alumnado contamos, ademais dos recursos humanos ordinarios, coa dotación de dúas mestras de PT a tempo completo, dous mestres de AL, un deles compartido co IES de Sar, unha docente polo programa ARCO e dous auxiliares técnicos educativos a tempo completo.

Entre as necesidades recollidas na Memoria do Departamento de Orientación e como melloras para este curso 2022/2023 están as seguintes:

- Atención á diversidade e ás dificultades de aprendizaxe:
 - Colaborar na organización do programa de reforzo educativo por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria
 - Coordinar a intervención dos coidadores e facilitar a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo nos recreos, incrementando paulatinamente o tempo que pasan nas súas respectivas aulas e fomentando así a inclusión cos seus iguais.
 - Mellorar na prevención, detección precoz e apoio das necesidades educativas.
 - Actualización e seguimento do alumnado con informe psicopedagóxico.

- Colaborar e asesorar na elaboración das ACS.
 - Organizar horarios, metodoloxías e materiais adaptados ás necesidades dos alumnos con NEAE, destacando a importancia de formarse en recursos dixitais para dito alumnado.
 - Mellorar a coordinación entre os diferentes especialistas, orientadora e titoras.
 - Favorecer a coordinación sistemática e busca de alternativas aos problemas de aprendizaxe ou de comportamento.
 - Coordinar a intervención cos servizos externos de apoio: CEEPR Duques de Lugo, CRE López Navalón, Servizos Sociais e CHUS.
- Integración e adaptación escolar
- Perseverar na resolución pacífica de conflitos.
 - Implicar a toda a comunidade escolar na resolución pacífica de conflitos.
 - Levar a cabo programas de habilidades sociais para a mellora da convivencia.

Para atender á diversidade do alumnado contamos, ademais dos recursos humanos ordinarios, coa dotación de dúas mestras de PT a tempo completo e dúas mestres de AL, unha delas compartida co CEP de Ventín. Do mesmo xeito, contamos coa axuda de dous auxiliares técnicos educativos a tempo completo.

16.3. Proposta de medidas de atención á diversidade do alumnado contando cos recursos existentes no centro

	Actuación	Responsable	Destinatario	Temporalización
1.	Proposta da organización dos apoios de PT/AL	Orientadora e profesorado de PT e AL	Xefatura de estudos Titores do ACNEAE	Setembro- Outubro
2.	Redacción da proposta definitiva dos servizos de apoio	Orientadora	Xefatura de estudos	Setembro- Outubro
3.	Proposta de organización da atención ao alumnado da aula específica	Orientadora e profesorado da aula	Xefatura de estudos	Setembro- Outubro
4.	Tramitación das bolsas NEAE	Familias e Orientadora	Alumnado	Setembro (do 1 ao 30)
5.	Elaboración e aprobación do Plan Anual de actividades do DO	Orientadora	DO, Claustro, Consello Escolar	Setembro- Outubro

	Actuación	Responsable	Destinatario	Temporalización
6.	Revisión do Plan Anual de actividades do DO	Orientadora	Claustro-Consello Escolar	1º trimestre
7.	Realización das AC propostas no curso anterior	Orientadora, mestres implicados, profesorado de apoio, Xefatura de estudos	Alumnado	1º trimestre
8.	Recollida de datos de atención á diversidade <i>Drdadi</i>	Orientadora	Consellería de Educación	Novembro
9.	Realización de avaliacións psicopedagóxicas, ditames e informes	Orientadora	Demandantes, equipos docentes, alumnado e familias	Con carácter xeral, 1º e 2º trimestre
10.	Reunións cos IES do alumnado de 6ª que pasa a ESO.	Orientadora centro e IES/ titoras de 6º EP	Alumnado e familias de 6º EP	3º trimestre
11.	Revisión dos informes para o alumnado obxecto de RE e/ou de apoio e establecemento do procedemento a seguir na súa cumprimentación	DO	Profesorado titor e profesorado de apoio	Maio- Xuño
12.	Previsión de alumnado NEAE para o curso 2022/2023	DO	Inspector da zona	Maio- Xuño
13.	Avaliación do Plan Anual de Actividades do DO	DO	Membros do DO	Maio-xuño
14.	Participar na Información ás novas familias do funcionamento do centro e do período de adaptación.	Orientadora, Dirección, docentes de EI	Familias	Xuño
15.	Elaboración de informes finais de 6º do alumnado NEAE	Orientadora	Xefa de estudos, Orientadora dos IES.	Xuño
16.	Redacción de informes de seguimentos.	Orientadora	DO, Xefa de estudos, familias	Xuño
17.	Redacción da memoria do DO	Orientadora	DO, Claustro e Consello Escolar	Xuño
18.	Recollida: datos de atención á diversidade <i>DRorienta</i>	Orientadora	Consellería de Educación	Xuño-xullo

	Actuación	Responsable	Destinatario	Temporalización
19	Proposta de apoios e ACs para o vindeiro curso	DO	Alumnado, Equipos docentes	Xuño
20	Participación nas sesións de avaliación. Recadar información do alumnado atendido polo DO como de novos casos	Orientadora	Equipos docentes	Ao remate de cada Trimestre
21	Asesoramento á comunidade educativa	Orientadora	Comunidade educativa	Todo o curso
22	Colaborar co profesorado na cumprimentación de documentos do expediente do alumnado	DO	Equipo docente	Todo o curso
23	Elaboración e proposta de adquisición de material do DO	Orientadora	Comunidade educativa/Dirección	Todo o curso
24	Asesoramento na realización e seguimento das adaptacións curriculares	Orientadora	Equipos docentes, profesorado de apoio, Xefatura de Estudos	Todo o curso
	Asesoramento xeral na acción tutorial.	Orientadora	Profesorado	Todo o curso
25	Elaboración e actualización de documentos e protocolos para o DO	Orientadora	Comunidade educativa	Todo o curso
	Asesoramento e colaboración na elaboración/revisión documentos do centro	Orientadora	Claustro-Equipo Directivo.	Todo o curso
26	Actuacións promotoras Convivencia	DO	Comunidade educativa	Todo o curso
27	Coordinación e establecemento de canles de comunicación entre os diferentes profesionais que atenden os nenos/as e os organismos externos ao centro	Orientadora	Equipo docente, familias	Todo o curso

16.4. Concreción do cronograma de actuación que figura no anexo do documento Plan de Atención á diversidade e calendario de reunións mensuais de seguimento de alumnado

Daranse prioridade ás medidas ordinarias sobre as medidas extraordinarias que só se utilizarán cando, estando esgotadas as vías anteriores, non existan outras alternativas ou cando a avaliación psicopedagóxica así o determine dado a gravidade da problemática que presentase o/a alumno/a.

A aplicación de medidas extraordinarias non exclúe a aplicación das medidas ordinarias que se determinen. Evitarase asociar de xeito automático necesidades a medidas, debéndose aplicar, en cada caso, as que máis conveñan á situación do alumnado.

Os criterios para organizar e distribuír os recursos serán os seguintes:

Medidas ordinarias:

Son as actuacións e programas dirixidos a previr, compensar e facilitar a superación de dificultades leves mediante a adecuación do currículo ordinario, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a totalidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos xerais do curso, etapa e/ou nivel.

O reforzo educativo será proporcionado pola profesora/o titor/a no seu grupo e que deseñará e aplicará con aqueles alumnos/as que teñen certas dificultades para conseguir os obxectivos e contados das diferentes áreas.

O profesorado con dispoñibilidade horaria ocuparase tamén do alumnado con necesidade de reforzo educativo, previo consenso entre o/a titor/a e a Xefatura de Estudos. Deste reforzo educativo o/a titor/a informará ás familias.

Medidas extraordinarias:

Son as actuacións que se toman nun centro para responder a unhas necesidades educativas específicas moi concretas que presenta o alumnado e requiren cambios esenciais nas organización dos recursos persoais e materiais do centro. Adóptanse cando se esgotaron as medidas ordinarias.

A proposta de organización da atención ó alumnado por parte de profesor de PT e AL, será realizada pola Xefatura do Departamento de Orientación, de acordo cos criterios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade e que se indican a continuación, contando coa participación do profesorado titor do alumnado e do profesorado de PT e/ou AL. Esta proposta de organización da Docencia será elevada a Xefa de Estudos para a súa aprobación. Os apoios da especialista de PT e AL serán atendidos do seguinte xeito:

1. Atenderase ó alumnado con necesidades educativas especiais diagnosticadas polo Equipo Específico de Orientación, Saúde Mental e/ou organismos correspondentes, teñan ou non unha adaptación curricular significativa (ACS).

2. Atenderase ó alumnado con ACS.

3. Atenderase primeiro ó alumnado con necesidades educativas de apoio educativo que xa esgotara a medida da repetición de curso.

4. Atención ó alumnado procedente do estranxeiro: valorarase como necesario priorizar ó alumnado que descoñeza o castelán, o galego, ou ambos os dous idiomas na etapa da Educación Primaria.

5. Alumnado que presente: Trastorno por Déficit de Atención e/ou Hiperactividade (TDAH), Dificultades Específicas de Aprendizaxe, Incorporación tardía ao Sistema Educativo, Altas Capacidades Intelectuais, Condicións Persoais e de Historia Escolar. Destacamos a importancia, daquel alumnado anteriormente citado (nos puntos anteriores), que dispoñan de Informe Psicopedagóxico do centro, ou ben informes de Servizos Externos (Médicos, Servizos Sociais, Gabinetes Psicopedagóxicos..) para recibir esta atención especializada ou facer dita intervención.

6. De ser preciso apoios educativos fóra da aula ordinaria levaranse a cabo durante o horario do profesorado titor e co expreso consentimento dos pais do alumno/a. A tal fin facilitaráselles ós mestres de apoio e ós titores modelos de autorización correspondentes.

Como criterios para a organización do persoal auxiliar educativa (coidador), atenderase prioritariamente ó alumnado con discapacidade motórica para favorecer a autonomía nos diferentes espazos do centro educativo. O horario de atención e a proposta de apoio ao alumnado será elaborado pola orientadora en coordinación co profesor/a- titor/a. A proposta será elevada a Xefatura de Estudos para a súa aprobación.

17. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Nivel/Especialidade
M ^a Lourdes Antelo Rodríguez	Xefa de estudos
Nome equipo dinamización de convivencia	Nivel/Especialidade
M ^a José Jorge García	Observatorio de convivencia
Rosa M ^a Vicente Álvarez	Observatorio de convivencia
Henar Bello Seoane	Coordinadora EI
Eva M ^a Mouro García	Coordinadora 1º ciclo EP
Cristina Martínez Penas	Coordinadora 2º ciclo EP
M ^a Teresa Castro Parga	Coordinadora 3º ciclo EP

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Segundo o Plan de Convivencia aprobado, as actuacións, medidas e programas a desenvolver no CEIP Ramón Cabanillas están encamiñadas e tres aspectos:

- 1) Coidamos ás persoas.
- 2) Coidamos as relacións.
- 3) Coidamos a contorna.

Obxectivo 1: Desenvolvemento de espazos de xogo saudables			
Acción 1	Creación de espazos de xogo con material educativo		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Número de incidencias do patio inferior a anos pre-covid		
Responsables	Profesorado de garda de patio, Xefatura de estudos-Dirección		
Recursos e materiais	Material de xogo: pelotas, cordas, gomas, xogos de petanca, xogos de raqueta e outros materiais.		
Acción 2	Creación de espazos verdes para o lecer (zona arbolada)		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Desenvolvemento de actividades como a lectura, a conversa distendida, xogos de mesa, etc. A través de accións como os Cofres de patio (Dinamización de biblioteca).		
Responsables	Profesorado de garda de patio, Xefatura de estudos-Dirección		
Recursos e materiais	Libros de lectura, dinamización dos espazos e xogos de mesa.		
Acción 3	Actuación común ante situacións contrarias convivencia		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Resposta común do profesorado e monitores de tempo libre no tempo de garda de patio (lectiva ou extraescolar)		
Responsables	Profesorado de garda de patio, monitores de comedor e de actividades extraescolares		
Recursos e materiais	Libros de lectura, dinamización dos espazos e xogos de mesa.		

Obxectivo 2: Continuación do Proxecto Elisa (USC)			
Acción 1	Realizar os cuestionarios e analizar os resultados.		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Elaboración dos cuestionarios no 80% do alumnado do centro que participa no estudo lonxitudinal e do 100% do profesorado implicado.		
Responsables	Xefatura de estudos e titores dos cursos de 4º, 5º e 6º EP.		
Recursos e materiais	Cuestionarios.		

Obxectivo 3: Desenvolvemento do Proxecto EmPeCeMos (USC)			
Acción 1	Realizar a formación para desenvolver charlas específicas ao alumnado		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	O 75% do profesorado implicado asiste á formación Charlas impartidas no 100 % dos grupos de 2º curso de EP.		
Responsables	Universidade (USC) e Xefatura de estudos.		
Recursos e materiais	Material facilitado polos/as investigadores/as do proxecto EmPeCemos (USC)		
Acción 2	Realizar a charlas específicas ás familias e ao alumnado implicado no estudo		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Charlas impartidas no 100 % dos grupos de 2º curso de EP.		
Responsables	Universidade (USC), Xefatura de estudos e profesorado que desexe esta formación.		
Recursos e materiais	Material facilitado polos/as investigadores/as do proxecto EmPeCemos (USC)		
Acción 3	Deseñar e desenvolver as actividades específicas ao alumnado		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Creación do 100% da actividades deseñadas, validadas e creadas para o alumnado.		
Responsables	Xefatura de estudos, titores dos cursos de 2º EP e profesorado que desexe esta formación (Mª Lourdes Antelo, Estefanía Lamas, Daniel Sanmartín, Begoña Ballesteros)		
Recursos e materiais	Material facilitado polos/as investigadores/as do proxecto EmPeCemos (USC)		
Acción 4	Plan de actividades deseñadas para o alumnado		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Desenvolvemento do plan de actividades no 100% da actividades deseñadas, validadas e creadas para o alumnado.		
Responsables	Xefatura de estudos, titores dos cursos de 2º EP e profesorado que desexe esta formación (Mª Lourdes Antelo, Estefanía Lamas, Daniel Sanmartín, Begoña Ballesteros)		
Recursos e materiais	Material facilitado polos/as investigadores/as do proxecto EmPeCemos (USC)		

Obxectivo 1: Programa dentro do Plan de Acompañamento RAOGAL			
Acción 1	Asesoramento no desenvolvemento de actuacións relativas a accións contrarias á convivencia		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Apoio no 75% das cuestións formuladas.		
Responsables	Dirección, Xefatura de estudos e Departamento de Orientación		
Recursos e materiais	Lexislación vixente. Material de apoio e documentos normalizados.		

Obxectivo 1: Programa dentro do Plan de Acompañamento RAOGAL			
Acción 2	Asistencia na mediación das actuacións relativas á accións contrarias á convivencia		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Apoio no 75% das cuestións formuladas.		
Responsables	Dirección, Xefatura de estudos e Departamento de Orientación		
Recursos e materiais	Lexislación vixente. Material de apoio e documentos normalizados.		
Acción 3	Asesoramento ao Equipo Directivo e á Xefatura do Departamento de Orientación		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Apoio no 75% das cuestións formuladas.		
Responsables	Dirección, Xefatura de estudos e Departamento de Orientación		
Recursos e materiais	Lexislación vixente. Material de apoio e documentos normalizados.		

Ademais, a Comisión de Coordinación Pedagóxica, oída a Comisión de Convivencia co Consello Escolar, poderá solicitar actividades de interese seguindo o Plan Director para a convivencia e a mellora das seguridade nos centros educativos e nos seus contornos para o curso 2022/2023 (<https://www.edu.xunta.gal/portal/plan-director>).

18. CONCRECIÓN PLAN DE IGUALDADE

Para as accións a levar a cabo para cada obxectivo tense en conta o Plan de Igualdade aprobado no centro educativo e os protocolos autonómicos coma o Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022/2027 (<http://igualdade.xunta.gal/es/programas/vii-plan-estrategico-de-galicia-para-la-igualdad-de-oportunidades>).

En concreto, realizamos actuacións relativas as:

- Actividades do plan de acollida.
- Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto, a autoestima e a educación afectivo - sexual.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.
- Actividades para a adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo.

- Actividades para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso.

Actividade 1	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Emprego dunha linguaxe inclusiva en toda a documentación do centro educativo	Curso académico	Todos	Equipo directivo e coordinacións.
Establecemento de accións comúns nas conmemoracións relacionadas: 25N, 8 de marzo, festa LGTBI+, etc.	Datas das conmemoracións	Todos	Dinamización de Actividades extraescolares
Incluír nos fondos da biblioteca contido relacionado coas diversas temáticas, así como e difundir e animar ao seu coñecemento.	Curso académico	Todos	Dinamización da biblioteca
Actividade 2	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Desenvolvemento de actividades relacionadas co 25 de novembro, Día internacional da Eliminación da violencia contra a muller.	1º trimestre	Todos	Dinamización de Actividades extraescolares
Actividade 3	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Abordar contido de educación afectivo-sexual, a través de formación específica nas aulas.	2º trimestre	5º e 6º EP	Dinamización de Actividades extraescolares
Actividade 4	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Incluír nos fondos da biblioteca contido relacionado coa temática LGTBI+	3º trimestre	Biblioteca	Equipo de biblioteca

19. PLURILINGÜISMO

19.1. Profesorado Responsable

Nome Coordinador/a	Horas redución
María José Fidalgo Torreira	1 hora
Nome profesores AICLE/CLIL	Nivel/Especialidade
Elena Otero Román	EP
Rosa María Vicente Álvarez	EP

19.2. Seccións Bilingües

A Sección Bilingüe está dentro dos Programas de Éxito educativo.

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Nº alumnado nova incorporación	Teñen autorización por escrito dos pais	Materias	Lingua estranxeira
4º EP	2	49	2	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Plástica	Inglés
5º EP	3	55	1	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Plástica	Inglés
6º EP	2	50	1	Sí <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Plástica	Inglés

19.3. Mecanismos de seguimento e avaliación do programa plurilingüe ou seccións bilingües

- ✓ Temporalización das unidades didácticas
- ✓ Desenvolvemento dos obxectivos didácticos
- ✓ Manexo dos contidos da unidade
- ✓ Realización de tarefas
- ✓ Estratexias metodolóxicas seleccionadas

19.4. Mecanismos de seguimento e avaliación do auxiliar de conversa

Nome Auxiliar de conversa	Horas lectivas semanais
Izabella Anna Niechwiadowicz	16 h (compartida co CEIP Mestre Rodríguez Xixirei)
Tarefas	
Asiste aos/ás docentes CLIL como apoio lingüístico na aula	Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Apoia aos/ás docentes CLIL na planificación das clases e na elaboración de materiais didácticos	Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Asiste aos/ás docentes de lingua estranxeira como apoio lingüístico na aula	Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>
Outras tarefas (especificar): xogos grupais en educación infantil	Si <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>

20. PLAN PROXECTA+

Neste curso académico o centro educativo non participa en ningunha proposta do Plan Proxecta+. Temos participado en cursos anteriores en Nós tamén creamos!, Xogade (Proxectos de vida activa e deportiva), entre outros.

21. CONTRATOS-PROGRAMA: CPINCLÚE, CPINNOVA, PLAN RECUPERA

Neste curso académico o centro educativo non participa en ningunha proposta do Plan Contratos-Programa. Temos participado en cursos anteriores no plan PROA ou no plan ARCO.

22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

O CEIP Ramón Cabanillas participa nas seguintes propostas incluídas en Programas Educativos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade:

Liña de actuación: E-Dixgal			
Descrición do programa	Programa de Éxito Educativo. Desenvolvemento curricular a través dos libros dixitais autorizados pola administración autonómica competente.		
Obxectivos	Desenvolver o currículo a través de plataformas dixitais autorizadas.		
Cursos implicados	5º e 6º de educación primaria		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	O 100% do profesorado titor e o 50% do profesorado especialista implicado na docencia dos niveis de 5º e 6º de EP		
Responsables	Coordinadora de E-Dixgal e profesorado implicado na docencia en 5º e 6º que utiliza E-Dixgal para impartir docencia.		
Actividades	Todas as relacionadas coa docencia e estudo das áreas e materias impartidas con este recurso dixital.		
Liña de actuación: Polos Creativos			
Descrición do programa	Programa de Éxito Educativo. Creación de espazos relacionados coas tecnoloxías educativas actuais.		
Obxectivos	Crear unha sala de audio insonorizada para a realización de pódcasts e emisións de radio Furelo. Crear un espazo audiovisual con parede croma e gravación de vídeo para TV Furelo. Crear un espazo para a experimentación, robótica e impresión en 3D.		
Cursos implicados	4º, 5º e 6º de Educación infantil 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación primaria		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Crear os espazos 100% Desenvolver aló menos 1 tarefa en cada espazo 100%		
Responsables	Coordinadora de Polos Creativos e Plan Dixital		
Actividades			

Liña de actuación: Digital Week			
Descrición do programa	Programa de Éxito Educativo.		
Obxectivos	Motivar ao alumnado dos cursos participantes Concienciar do interese da lingua inglesa como medio de comunicación Coñecer ferramentas TIC: uso educativo		
Cursos implicados	6º de Educación Primaria		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Participación do 100% do alumnado posible (25 alumnos/as)		
Responsables	Mº José Fidalgo Torreira (docente de inglés)		
Actividades	Preparación da proposta para presentación ás familias. Preparación de actividades para a preparación da estadía co alumnado. Xestión do alumnado participante e das súas familias. Acompañamento.		

23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Protocolo para a solicitude.

A dirección do centro autorizará todas as actividades educativas que se realicen en horario lectivo e non lectivo.

A solicitude remitirase á dirección do centro educativo, con tempo suficiente para a súa autorización. Segundo o caso, será necesario o coñecemento previo á aprobación por parte do Consello Escolar. Soamente en caso positivo expreso da dirección do centro poderán ser utilizadas as instalacións en actividades non directamente relacionadas con traballadoras/es contratados directamente pola Administración Autonómica á que pertence a titularidade do centro educativo.

A dirección do centro educativo poderá autorizar a utilización das instalacións do centro por parte de traballadores/as xestionados pola ANPA ou polos servizos contratados polo Concello, sempre que teñan unha relación directa coas actividades complementarias, extraescolares ou de mantemento do centro educativo e as súas instalacións.

A dirección do centro educativo autorizará a utilización das instalacións por parte dunha entidade externa non relacionada coas actividades educativas do centro, previo coñecemento e autorización da Administración Educativa.

- Horarios.

Tempo lectivo: 9-14 h.

Tempo extraescolar e/ou complementario: 14-18:30 h.

Tempo en que o centro está aberto: 7.30-18:30 h. Os martes permanede aberto ata ás 19 h.

- Solicitudes xa cursadas.

Instalacións: zona comedor e patios (planta baixa)			
Entidade que a usa	Entidade concesionaria do servizo de madrugadores/as e comedor		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Persoal contratado. Monitoras/es.	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	7.30-9 h e 14-16.3 0h		

Instalacións: aula de música, espazo de comedor e biblioteca (planta baixa)			
Entidade que a usa	Entidade contratada pola ANPA para actividades extraescolares		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Persoal contratado. Monitoras/es.	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	16.30-18.30 h		

24.PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

Estas actividades están orientadas fundamentalmente a facilitar a conciliación da vida laboral das familias. Tentamos que os contidos das mesmas supoñan un complemento á actividade lectiva das nenas e nenos dende un criterio lúdico e didáctico. Parte delas serán desenvolvidas nas instalacións do centro e darán comezo o 19 de Setembro e parte delas fora do mesmo dando comezo o 3 de Outubro. Este ano recuperamos a normalidade no centro e por tanto ampliamos a oferta de actividades.

- Actividades propostas para o curso académico 2022/2023:

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ALG (GRUPO ACTEX):

BAILE MODERNO - INFANTIL E 1º DE EP.

- Luns de 16:30 a 17:30 h: 4º e 5º.
- Venres de 16:30 a 17:30 h: 6º de infantil e 1º de EP.

URBAN DANCE - PRIMARIA

- Venres de 16:30 a 17:30 h: 2º a 6º de EP.

BALLET – INFANTIL, 1º E 2º DE EP.

- Luns e Mércores DE 17:30 a 18:30 h.

PANDEIRETA - 1º A 6º DE EP.

- Martes de 16:30 a 17:30 h.

INGLÉS – INFANTIL A 2º DE EP. E 3º A 6º DE EP.

- Martes e Xoves de 17.30 a 18.30 h.
- Xoves de 16:30 a 17:30 h.

TEATRO – INFANTIL A 2º DE EP.

- Mércores de 16:30 a 18.30 h.

DEBUXO E PINTURA – 3º A 6º DE EP.

- Xoves de 17.30 a 18.30 h.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DEDUC

PRE-DEPORTE- INFANTIL E 1º DE EP.

- Martes e Xoves de 16.30 a 17.30 h.

INICIACIÓN DEPORTIVA 2º A 6º DE EP.

- Martes e Xoves de 16:30 a 17.30 h.

KARATE – DENDE 6º DE EI.

- Luns e Mércores de 16.30 A 17.30 h.

HOCKEI – 3º A 6º DE EP.

- Luns e Mércores de 16:30 a 17:30 h.

ATLETISMO – DE 4º A 6º DE EP.

- Luns de 17.30 a 18.30 h.
- Venres de 16:30 a 17.30 h.

BALONMÁN – 3º A 6º DE EP.

- Martes de 17:30 a 18.30 h.

ACTIVIDADES PAVILLÓN RESTOLLAL:

PATINAXE - DENDE 1º a 6º de EP.

- Luns e mércores de 16:00 a 17:00 h.

ACTIVIDADES PAVILLÓN PONTEPEDRIÑA:

FÚTBOL SALA - DENDE 1º a 6º de EP.

- Luns e mércores de 16:00 a 17:00 h.

BALONCESTO - DENDE 1º a 6º de EP.

- Luns e Mércores de 17:00 a 18:00 h.

AULA DE TARDE

Este curso contamos tamén co servizo de aula de tarde. Trátase dun espazo onde deixar os cativos e cativas de xeito regular ou ocasional entre as 16.30 e as 18.30 horas, e que neste curso empeza co inicio das clases. Desenvólvense distintas actividades de carácter lúdico e didáctico.

CHARLAS, SEMINARIOS E CONFERENCIAS

Neste curso 2022/2023 a ANPA ten programadas varias actividades con carácter de complementarias dentro do calendario lectivo, a concretar a través do Equipo de Actividades Extraescolares e previa consulta á dirección do centro:

- Actividade dirixida por Manuel Isorna sobre Habilidades Sociais co alumnado de 6º de EP.
- Charla para nais e pais dirixida por Manuel Isorna.
- Taller de Primeiros Auxilios adaptado para as nenas e nenos de 6º.
- Taller de Disciplina Positiva para nais e pais impartido por Alba Picallo.
- Campaña de sensibilización na separación de residuos.
- Taller de Emocións para 1º e 2º de EP.
- Teatro de Emocións para 5º e 6º de EI.
- Contacontos de Emocións para 4º de EI.
- Charla de alimentación saudable para 3º e 4º de EP. *
- Actividades de sensibilización impartidas por FAXPG. (Asociación de Persoas Xordas de Galicia)
 - o Contacontos para os nenos e nenas de infantil.
 - o Sensibilización e lingua de signos para EP.
- Colaboración de nais e pais en distintas actividades para desenvolver nas aulas. *
- Roteiro herbas de San Xoán polas Brañas destinado ás familias. *
- Charla do día da muller na Ciencia. *

OUTRAS ACTIVIDADES NAS QUE A ANPA PARTICIPA ACTIVAMENTE CO CENTRO EDUCATIVO:

- Magosto:
 - o Achega das castañas.
 - o Colaboración de nais e pais do alumnado no asado e o reparto das mesmas.
- Agasallo Nadal.
- Celebración do día da Terra. 22 de abril.
 - o Concurso de ideas para protexer o Medio Ambiente.
- Celebración do día das Letras Galegas.
 - o Mercado de intercambio de contos.
- Festa de Fin de Curso.
 - o Como en anos anteriores celebrárase o último día de clase.
- Excursión ou Romaría de Fin de Curso (aínda sen planificar).

25. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

O plan de avaliación do centro consiste na análise de varios aspectos fundamentais:

- 1) *Resultados académicos*, non analizados soamente na súa relación numérica, senón en relación ao éxito escolar e de superación de cada alumno/a e no grao de implicación familiar para acadar resultados satisfactorios no/a alumno/a. Os resultados deben estar en relación aos criterios de avaliación do currículo, así como das adaptacións curriculares realizadas, segundo o caso. As/os titoras/es legais do alumnado deben ser coñecedoras do proceso de ensino e aprendizaxe, dos instrumentos de avaliación así como das adaptacións realizadas para levalas a cabo. As avaliacións son realizadas de xeito colexiado e tendo en conta todo o profesorado, que debe realizar un informe trimestral de avaliación a presentar na reunión de avaliación e para informar á familia do proceso de ensino e aprendizaxe e dos resultados acadados, coa finalidade de establecer o mecanismo de recuperación ou reforzo máis adecuado, segundo o caso.

2) *Práctica docente.* Neste punto analizaremos varios ámbitos, a saber:

- O organigrama docente en relación ao calendario escolar establecido para o ano académico 2022/2023 (Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia).
- A xestión escolar en relación a unha planificación coñecida e a toma de decisións consensuada, tendo en conta as casuísticas concretas de cada situación.
- Un entorno docente participativo e estable desde a práctica de aula cara a Comunidade Educativa, e prestando atención á solicitude das familias a través da ANPA como principal elemento de participación.
- A avaliación do alumnado por competencias, baseado no currículo actual. A avaliación realizarase acorde a unha revisión metodolóxica realizada desde a CCP e as reunións de ciclo, tendo en conta as aportacións realizadas polo DO.
- Aproveitar os recursos da contorna do centro educativo, procurando a selección de actividades e proxectos que se poidan desenvolver como actividades complementarias ao desenvolvemento do currículo.
- O desenvolvemento dunha comunidade profesional de aprendizaxe, capaz de realizar unha autoavaliación docente para a mellora do centro educativo, proceso que debe ser coñecido pola inspección educativa e recibir asesoramento para o cambio.

3) *Relación coa Comunidade Educativa:*

- A dirección educativa que presta atención ás demandas das familias, sobre todo a través da ANPA, e procura unha axeitada relación entre profesorado e familias a través das titorías e do DO, así como a través das actividades complementarias e extraescolares que se poidan establecer, etc.
- A dirección do centro establece relacións de colaboración con outras entidades de maneira fluida e concreta: Administracións (Inspección Educativa, Xefatura Territorial, Organismos públicos da Administración autonómica e estatal, Centros educativos especiais, Centros educativos da contorna, Universidades, Concello, Asociacións, etc.
- A Secretaría, Xefatura de Estudos e Xefatura de Departamento de Orientación asesoran, informan e colaboran coas familias nos diferentes trámites e axudas ás que teñen acceso no exercizo do dereito á educación dos/as fillos/as que asisten como alumnas/os neste centro educativo.
- O equipo docente, desde a práctica de aula, contempla solicitar ás familias colaboración para o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares concretas cuxo beneficio repercute, cando menos, directamente no nivel no que asiste a/o filla/o da familia.

- Medidas e recursos para levala a cabo.

Elaboración dunha escala de medida en relación a:

- O organigrama docente.
- A xestión escolar.
- Os equipos docentes.
- O aproveitamento da contorna.
- A avaliación do alumnado.
- A avaliación dos espazos do centro educativo.
- A comunidade educativa: ANPA, familias, asociacións, etc.

- Temporalización.

No mes de xullo o equipo directivo realizou unha revisión dos aspectos a mellorar en relación ao curso anterior (análise DAFO 2021-22) e da iniciativas presentadas logo de revisadas as memorias finais.

Ao inicio de curso 2022-23 o equipo directivo presenta as iniciativas de mellora aos equipos docentes coa colaboración da xefa do DO, a través das distintos equipos.

Trimestralmente analízanse os resultados dos 3 aspectos fundamentais do plan de avaliación nunha escala de medida en relación ás actividades desenvolvidas e ás accións e decisións tomadas en cada equipo.

Segundo os resultados, establécense medidas de corrección.

Ao final de curso 2022/23 preséntanse as memorias e o equipo directivo realiza unha análise para establecer a continuidade da liña de traballo ou a exploración e establecemento doutras novas de cara á consecucións do proxecto de dirección.